

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE XUÑO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Decreto polo que se nomea a Dolores Vilavedra Fernández presidenta do Consello da Cultura Galega.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se nomea secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais a Susana Pérez Iglesias.
- Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se nomea presidenta da entidade pública empresarial Portos de Galicia a Natalia Botana Rey.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio e na Casa do Deán, por importe total dun millón douscentos cincuenta e seis mil oitocentos trinta e oito euros con nove céntimos (1.256.838,09€) e polo que se autorizan os pagamentos á conta por importe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de douscentos cincuenta mil cento vinte euros (250.120,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha do Simulador de Propagación de Incendios de Galicia (Spigal).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte e nove mil trescentos setenta euros (29.370,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e oito mil cento oitenta e un euros (38.181,00€).
- Acordo polo que se adoptan medidas organizativas e de xestión dirixidas a mellorar a organización e desenvolvemento da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa para o ano 2026. Importe: cento noventa e oito mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (198.353,44€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Riotorto no financiamento da construción da 2ª fase da residencia para persoas maiores no exercicio 2026. Importe total: douscentos setenta e cinco mil euros (275.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxes superiores ás recollidas na normativa de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Importe total: catro millóns novecentos corenta e catro mil seiscientos sesenta euros (4.944.660,00 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do parque empresarial de Cabana de Bergantiños (A Coruña).
- Acordo polo que se toma razón da licitación, por parte de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., do servizo de redacción do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE) e Instrumentos de desenvolvemento e execución (Ides) da ampliación do parque empresarial de Merelle (S-12) no concello de Ordes (A Coruña).
- Acordo polo que se toma razón da licitación, por parte de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A., do servizo de redacción do Plan estruturante de ordenación do Solo empresarial (PEOSE) e Instrumentos de desenvolvemento e execución (Ides) da fase II do parque empresarial de Valga (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia Espazo GobTec Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A., para a licitación dos servizos de redacción de proxecto e dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, de dous edificios de vivendas de promoción pública (VPP), nas parcelas cedidas polo Concello de Santiago de Compostela, M4 e M8 do Plan parcial SUNP-22 (O Castro de Abaixo), cun orzamento de licitación e valor estimado, IVE excluído, de sete millóns vinte e nove mil cento oitenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (7.029.189,56 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello do Campo Lameiro, para a execución das obras de urbanización da contorna do Centro de Estancia do Campo Lameiro, por un importe de cincocentos once mil setecentos cincuenta e dous euros con oitenta e seis céntimos (511.752,86 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de produtos intravasculares implantables: axentes embolizantes, oclusores vasculares, microesferas non reabsorbibles e espirais de embolización con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de seis millóns vinte e nove mil catrocentos oito euros con cincuenta e cinco céntimos (6.029.408,55€) IVE incluído, e un valor estimado de doce millóns cincuenta e oito mil oitocentos dezaseis euros con oitenta e catro céntimos (12.058.816,84€).
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o desenvolvemento dun programa de apoio para a recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica, por importe de cento noventa e seis mil oitocentos euros (196.800,00 €).
- Acordo polo que se aproba a oferta de prazas de formación sanitaria especializada 2026-2027.
- Acordo polo que se aproba o plan extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal sanitario durante o período estival 2026.
- Acordo polo que se aproban as melloras laborais e retributivas do persoal de urxencias.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Cultural Luarada para o desenvolvemento da trixésimo primeira edición do Festival Internacional de Cine de Ourense-OUFF 2026, por importe de catrocentos trinta mil euros (430.000,00€),

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de douscentos setenta e seis mil oitenta e sete euros con cinco céntimos (276.087,05 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación da encarga da Consellería do Mar ao medio propio Empresa Pública de Servizos Agrarios (Seaga) para o desenvolvemento de proxectos de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras e sustentables para o período 2026, 2027 e 2028, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, e por un importe total de catro millóns douscentos noventa e seis mil cincocentos oitenta e seis euros con oitenta e un céntimos (4.296.586,81 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a nova emisión de bonos sustentables da Xunta de Galicia 2026.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra de mellora viaria para o fomento da mobilidade sustentable na PO-542. Treito: Pazos (Pontevedra), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón trescentos sete mil oitocentos oito euros con oitenta e nove céntimos (1.307.808,89 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a vacinación en residencias de maiores.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a campaña Para gustos, cultura. Programación verán 2026.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a nova sede da Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o pagamento das axudas agroambientais da solicitude única da política agraria común (PAC) 2025.
- Informe para dar conta ao Consello da Xunta da convocatoria da décimo sétima edición dos Premios ao desenvolvemento rural de Galicia.
- Informe sobre os avances no marco do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria de dúas prazas de persoal investigador predoutoral en formación no Centro de Investigacións Mariñas (Cima).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA RATIFICA O NOMEAMENTO DE DOLORES VILAVEDRA COMO PRESIDENTA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Substitúe no cargo a Rosario Álvarez, quen presidía a institución desde 2018

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Dolores Vilavedra como presidenta do Consello da Cultura Galega, tras ser elixida no pleno extraordinario desta institución, que tivo lugar o 27 de maio de 2026, en substitución de Rosario Álvarez, quen ocupaba este cargo desde 2018.

Catedrática de Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela ata este momento, Vilavedra formaba parte do plenario do Consello do Cultura Galega en representación do Instituto da Lingua Galega e era vicepresidenta e coordinadora da Sección de Lingua, Literatura e Comunicación.

Especialista en narrativa galega contemporánea, exerce habitualmente a crítica literaria en medios especializados e divulgativos. Ademais, foi membro do consello de redacción da revista *Grial* e directora do *Anuario de Estudos Literarios Galegos* entre 2002 e 2007. Coordinou a elaboración do *Dicionario da literatura galega*, en 4 tomos, e entre as súas publicacións salientan *Historia da literatura galega* (1999), *Sobre narrativa galega contemporánea* (2000) e *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica* (2010). De igual xeito, foi responsable da edición de varios epistolarios de escritores e intelectuais galegos, como Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero ou Xosé Neira Vilas, e de obras clásicas, entre as cales se atopan *Follas novas*, de Rosalía de Castro; *Retrincos*, de Castelao ou *O castelo de Pambre*, de Antonio López Ferreiro. É membro da Asociación Galega da Crítica, entidade da cal foi fundadora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A SUSANA PÉREZ IGLESIAS SECRETARIA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Ocupa o cargo que deixou Pablo Fernández López, nomeado a comezos de mes delegado territorial da Xunta en Pontevedra

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Susana Pérez Iglesias como secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais. Deste xeito ocupará o cargo que deixou na Consellería de Emprego, Comercio e Emigración Pablo Fernández López, que a comezos de mes foi nomeado delegado territorial da Xunta en Pontevedra.

Nada en Vigo en 1984, Susana Pérez Iglesias é licenciada en Administración e Dirección de Empresas (ADE) pola Universidade de Vigo, institución académica na que tamén realizou un mestrado en Finanzas. A maiores, conta con formación internacional en Finanzas pola Universidade de Bratislava e Executive MBA pola Galicia Business School.

A súa traxectoria profesional inclúe máis de 20 anos de experiencia en distintos eidos do ámbito empresarial como a dirección financeira, a consultaría estratéxica ou a xestión de proxectos, cunha dedicación especial a cuestións que teñen que ver co financiamento público e o desenvolvemento empresarial.

Entre os postos de responsabilidade que ocupou no ámbito profesional están o de directora de INFI Consultores –cargo que ostentaba na actualidade–, o de directora de Etiqueta Ibérica (2013-2026) e o de presidenta de Empresarias Galicia (2016-2026), entidade da que tamén é a fundadora.

A estas responsabilidades engádense outras previas de formación e acompañamento a empresas no desenvolvemento dos seus negocios, de promoción do emprendemento feminino e de representación institucional así como de asesoramento financeiro para a captación de apoios públicos ou privados cos que desenvolver as estratexias de expansión e crecemento de pequenas e medianas empresas.

O seu labor profesional supúxolle o outorgamento de distintos recoñecementos como o Premio Executivos Galicia 2018 á Xestión Empresarial e Institucional ou a súa inclusión en distintas clasificacións entre as galegas máis influentes ou entre as mulleres líderes no ecosistema empresarial nacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O CALENDARIO LABORAL PARA 2027 CO 19 DE MARZO E O 17 DE MAIO COMO FESTIVOS PROPIOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que determina as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o vindeiro ano
- Lembra que a normativa fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos
- Dos 12 festivos de ámbito nacional, 9 son obrigatorios e só poden ser substituídos cando coincidan en domingo, ben polo luns seguinte ou ben por outro día que sexa de interese para a Comunidade Autónoma
- En 2027 prodúcese esta circunstancia o 15 de agosto (Asunción da Virxe), polo que Galicia propón cambialo polo 17 de maio (Día das Letras Galegas)
- Dos tres días festivos de carácter opcional, é dicir, que se poden substituír (Día de Reis, Xoves Santo, e San Xosé ou Día Nacional de Galicia), a Comunidade galega sempre opta polo 25 de xullo, pero, ao coincidir en domingo, escolle o 19 de marzo (San Xosé)

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou o calendario laboral de Galicia previsto para 2027, no cal se inclúen como festivos propios "o 19 de marzo, día de San Xosé, e o 17 de maio, Día das Letras Galegas".

Tal e como lembrou o titular do Executivo galego, a normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, "dous deles elíxeos cada concello".

Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (26 de marzo de 2027), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2027 hai un festivo nacional de carácter obrigatorio que coincide en domingo: o 15 de agosto (Asunción da Virxe), que Galicia propón substituír polo 17 de maio (Día das Letras Galegas).

O presidente sinalou que os outros tres festivos de carácter nacional son opcionais, é dicir, poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que en Galicia nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2027 se celebrará o 25 de marzo), que na Comunidade galega non se modifica de xeito tradicional, e dáselles a opción ás comunidades de escoller como opcional entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. A Xunta sempre elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo, pero, ao coincidir en domingo, o vindeiro ano elíxese o 19 de marzo (San Xosé).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, as festas do calendario laboral para Galicia en 2027 que se determinan son: 1 de xaneiro (Aninovo), 6 de xaneiro (Epifanía do Señor - Día de Reis), 19 de marzo (San Xosé), 25 de marzo (Xoves Santo), 26 de marzo (Venres Santo), 1 de maio (Festa do Traballo), 17 de maio (Día das Letras Galegas), 12 de outubro (Festa Nacional de España), 1 de novembro (Todos os Santos), 6 de decembro (Día da Constitución), 8 de decembro (Inmaculada Concepción) e 25 de decembro (Natividade do Señor). Ademais destes días, cada concello determina dúas xornadas festivas como propias da súa localidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE NATALIA BOTANA REY COMO PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao nomeamento de Natalia Botana Rey como nova presidenta do ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar, un posto que estaba vacante desde que hai dúas semanas o anterior presidente, José Antonio Álvarez Vidal, fose designado presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

Nada no 1969 en Vigo, é licenciada en veterinaria e ocupaba o posto de directora territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra desde xaneiro de 2021.

Conta cunha longa traxectoria na Administración pública galega, na que ingresou no ano 2000, desempeñando roles como xefa do Servizo de Control de Riscos Ambientais e diversos cargos como inspectora veterinaria oficial.

Tamén traballou en Bruxelas, na unidade de xestión de datos e accións estruturais para Irlanda, España, Francia, Portugal e o Reino Unido na Dirección Xeral do Mar (DG MARE) da Comisión Europea. E representou ás comunidades autónomas no comité europeo da cadea alimentaria na capital comunitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta aprobou a sinatura de dous convenios de colaboración entre Turismo de Galicia, a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral](#)

A XUNTA REFORZA CON MÁIS DE 1,5M€ A ATENCIÓN, INFORMACIÓN E SEGURIDADE DOS PEREGRINOS QUE CHEGAN A SANTIAGO DE COMPOSTELA CON VISTAS AO XACOBEO 2027

- O primeiro dos acordos supón un investimento de 1,2M€ para blindar a seguridade e mellorar a atención no complexo catedralicio e nas oficinas do Peregrino e de Turismo
- O segundo acordo financia os gastos de mantemento do Centro Internacional de Acolida aos Peregrinos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de cadanseu convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago, destinados a reforzar os servizos de atención, información e seguridade dos peregrinos que chegan a Santiago de Compostela. O investimento global supera os 1,5 millóns de euros e enmárcase na relación de colaboración que vén mantendo a Xunta de Galicia coas entidades eclesiásticas para a atención do peregrino á súa chegada á capital de Galicia, así como nos traballos de preparación do Xacobeo 2027 e na estratexia de fortalecemento da experiencia peregrina.

O primeiro dos convenios establece a colaboración coa Fundación Catedral de Santiago e coa S.A.M.I. Catedral para reforzar os dispositivos de seguridade do complexo catedralicio e da Oficina de Atención ao Peregrino. Para este fin, Turismo de Galicia destina máis de 1,2M€.

Os fondos permitirán financiar servizos de vixilancia de seguridade e persoal auxiliar na Basílica, na Oficina de Atención ao Peregrino e tamén na Casa do Deán, inmovible cedido recentemente á Xunta de Galicia que alberga a Oficina de Turismo da Xunta de Galicia na cidade de Santiago de Compostela. Neste caso, a Xunta asume os gastos de conservación, mantemento e funcionamento deste local, así como do persoal necesario para a súa atención, e gastos de mantemento, control de accesos e limpeza da zona de paso do patio do inmovible.

Con carácter xeral, as medidas incluídas neste acordo contribuirán a mellorar a xestión dos fluxos de visitantes, evitar aglomeracións e garantir unha experiencia segura e ordenada tanto para peregrinos como para visitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos

O outro dos acordos entre Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago estipula unha achega de máis de 250.000 euros para colaborar nos gastos de funcionamento do Centro Internacional de Acollida aos Peregrinos, dependente da Catedral de Santiago. Esta actuación permitirá reforzar os recursos destinados á atención e información dos peregrinos, así como sufragar servizos xerais, subministracións e gastos de persoal da Oficina do Peregrino.

En concreto, o convenio financiará os servizos de limpeza e mantemento dos espazos de atención, os custos asociados ás comunicacións, electricidade, calefacción, seguros e correos, así como os gastos do persoal que presta servizo na Oficina do Peregrino. O obxectivo é garantir unha atención eficaz e de calidade aos milleiros de persoas que culminan cada ano a súa peregrinación en Santiago de Compostela.

Ambos os convenios responden aos obxectivos recollidos na Estratexia de Turismo de Galicia 2030 e, en particular, ás actuacións vinculadas á preparación do Xacobeo 2027. Entre as prioridades marcadas figura o reforzo da acollida como un dos valores esenciais da peregrinación xacobeá, así como a mellora da accesibilidade, a seguridade e a calidade dos servizos prestados ao longo do Camiño e na súa meta final.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESENVOLVE UN NOVO E AVANZADO SISTEMA DE SIMULACIÓN DE PROPAGACIÓN DE GRANDES INCENDIOS QUE PERMITE ANTICIPAR O SEU COMPORTAMENTO E APOIAR A TOMA DE DECISIÓNS NA SÚA XESTIÓN

- Alfonso Rueda explica que o Sistema de Propagación de Incendios de Galicia (Spigal), desenvolvido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, dotará o operativo de loita contra o lume “a partir deste verán” dunha ferramenta propia con capacidade para “adiantarse á realidade, comparar distintos escenarios de evolución e avaliar as medidas de extinción”
- Indica que o sistema integra os datos en tempo real nun visor co fin de que as simulacións se poidan axustar de forma continua e cunha capacidade de procesamento que permite “obter en 30 minutos unha simulación de cal vai ser a evolución do lume nas seguintes 12 horas”
- Tamén sinala que permite simular “focos secundarios xerados polo transporte de faíscas ou previr cara a onde avanzarán as lapas”, así como estimar a humidade da vexetación tendo en conta factores como a chuva e incorporar ao sistema as actuacións executadas polo Servizo de prevención e defensa da Xunta
- Predicir o comportamento e a expansión do lume resulta clave para facer fronte aos incendios máis intensos e perigosos, xa que son fenómenos moi complexos e capaces de desprazarse con gran rapidez modificando mesmo a propia dinámica da atmosfera
- O presidente explicou que a capacidade de anticipación de Spigal permitirá seguir mellorando a xestión dos lumes ao axudar na “toma de decisións que minimicen os riscos para a poboación, reforzar a seguridade do operativo que traballa sobre o terreo” e contribuír a reducir a superficie queimada

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno galego desenvolveu nos últimos meses un sistema novo e moi avanzado para a simulación da propagación dos grandes incendios forestais –que son máis intensos e perigosos– que permite simular cal vai ser o seu comportamento nas horas seguintes e “predicir a súa evolución e expansión polo territorio para facilitar o apoio na toma de decisións de xestión en tempo real”.

Deseñado e posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través de MeteoGalicia –un servizo meteorolóxico de referencia na Comunidade–, o chamado Sistema de Propagación de Incendios de Galicia (Spigal) permitirá dotar o operativo de loita contra o lume da Xunta dunha ferramenta tecnolóxica propia con capacidade para adaptarse á realidade en vivo, comparar distintos escenarios de evolución dun mesmo incendio e avaliar as medidas e actuacións en materia de extinción.

Spigal superou xa unha fase de probas a partir dos datos reais dos incendios do verán pasado e está listo para entrar en funcionamento de forma preoperativa. Así se recolle

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

no acordo do Consello polo que se toma razón da posta en marcha deste simulador avanzado, que "estará á disposición do Servizo Galego de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais este verán", indicou Rueda.

A gran vantaxe do sistema Spigal é que leva un visor asociado no cal integra os datos en tempo real (hora e localización do inicio, fume, vento, vexetación...) co fin de que as simulacións obtidas se poidan axustar de forma continua, pero tamén permite calcular a propagación de incendios que levan tempo activos e teñen xa un perímetro determinado. Ademais, ten unha gran capacidade de procesamento, o que garante resultados rápidos, "ofrecendo en 30 minutos unha simulación de cal vai ser a evolución do lume nas seguintes 12 horas", explicou.

Tamén permite simular a xeración de "focos secundarios polo transporte de faíscas ou previr cara onde avanzarán as lapas", estimar a humidade da vexetación de forma dinámica tendo en conta condicións meteorolóxicas cambiantes como a chuvia ou o ciclo diúrno e incorporar en tempo real ao sistema as actuacións executadas polo dispositivo de extinción de incendios dependente de Medio Rural (liñas de defensa, perímetros ou observacións sobre o terreo) para evitar que se propague.

Para obter unha ferramenta tan versátil, a Consellería, a través de MeteoGalicia, traballou meses no desenvolvemento dunha versión propia do sistema de referencia internacional WRF-Fire que integra, por un lado, un modelo meteorolóxico de alta resolución (WRF) e, por outro, un modelo de comportamento do lume (Fire). Isto permite simular de forma conxunta e simultánea a evolución da atmosfera e a do incendio, unha capacidade que se converte na principal vantaxe que ofrece Spigal fronte aos modelos convencionais.

De feito, predicir o comportamento e a expansión do lume resulta clave para saber como afrontar os incendios máis intensos e perigosos, xa que se trata de fenómenos moi complexos, que acadan unha grande enerxía e son capaces de desprazarse con moita velocidade, modificando mesmo a propia dinámica atmosférica. A calor extrema causada polo lume, por exemplo, pode propiciar a aparición brusca de fenómenos como os pirocúmulos, un tipo de nube de desenvolvemento vertical capaz de agravar un incendio.

Neste sentido, a capacidade de anticipación que ofrece Spigal permitirá seguir mellorando a xestión en Galicia dos lumes forestais, xa que "axuda na toma de decisións para minimizar os riscos para a poboación, reforza a seguridade dos membros do operativo que traballan expostos ao lume sobre o terreo", asegurou Alfonso Rueda, ao tempo que contribúe a reducir as hectáreas de superficie queimada e, por conseguinte, o dano ambiental e as emisións de CO₂.

Evolución na tipoloxía dos incendios

A tipoloxía dos incendios forestais foi cambiando en Galicia nas últimas décadas e son cada vez máis frecuentes os catalogados como "grandes incendios forestais ao afectar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

unha superficie de máis de 500 hectáreas”, unha tendencia constatada tamén a nivel mundial. Este cambio fai que os factores meteorolóxicos teñan cada vez máis valor neste ámbito, xa non soamente pola súa utilidade para anticipar o risco de incendios senón tamén para abordar e planificar a súa extinción.

Nese contexto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería do Medio Rural manteñen unha estreita colaboración desde hai anos para poñer á disposición da Dirección Xeral de Defensa do Monte todos os datos obtidos das estacións meteorolóxicas operadas por MeteoGalicia, da Rede galega de detección de raios e do radar localizado en Cuntis, así como as previsións dos seus modelos de alta resolución.

Todo isto serve para calcular diariamente o IRDI (índice de risco de incendios forestais), realizar os boletíns informativos e coñecer a evolución da atmosfera no lugar onde se estea producindo o foco, o que permite anticipar cualitativamente o seu comportamento e axudar nas manobras e nos labores de extinción.

En todo caso, era necesario afondar máis nesa liña de colaboración xa que os incendios forestais máis intensos poden modificar as condicións atmosféricas da súa contorna, influíndo á vez na súa propia evolución. Este tipo de comportamentos, observados en Galicia en episodios como os incendios asociados á tormenta tropical *Ofelia* en 2017, no Courel e en Valdeorras en 2022 ou nalgúns lumes do pasado verán, será cada vez máis frecuente no actual contexto de cambio climático.

Precisamente en resposta a este escenario en que os modelos convencionais xa non son suficientes xorde Spigal, que reforza a cooperación entre ambas as consellerías neste eido e consolida a capacidade de acción pública de Galicia para anticiparse aos riscos asociados aos incendios forestais e ás súas novas tipoloxías.

De feito, MeteoGalicia utilizou para desenvolver esta ferramenta, a modo de banco de probas, a información que tiña sobre os grandes lumes que en agosto de 2025 afectaron sobre todo a provincia de Ourense. Cos mellores datos dispoñibles sobre a situación do combustible forestal (vexetación) nas zonas danadas fixéronse diferentes ensaios e, unha vez testado o modelo, construíuse o visor que permite agora configurar os cálculos necesarios para visualizar sobre mapas reais as simulacións de propagación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 67.000€ AO COFINANCIAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES EN OROSO E VILALBA

O Consello da Xunta dá luz verde á renovación dos convenios con estes concellos para facilitar o servizo a un total de 205 escolares

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP destinará máis de 67.000€ a cofinanciar o servizo de comedor nos concellos de Oroso e Vilalba. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación dos convenios a través dos cales se instrumenta esta colaboración, que se enmarcan nas diferentes liñas de apoio da Xunta á prestación deste servizo.

Ao abeiro destes acordos facilitaráselles o uso do comedor escolar a 130 alumnos do CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés (Oroso) e a 75 da Escola de Educación Infantil de Vilalba ao longo do curso 2026/27.

Cómpre lembrar que o Goberno galego é a Administración que sostén o groso do funcionamento dos comedores escolares en Galicia, xa que preto do 80% das 85.000 prazas son xestionadas pola Consellería de Educación. Os comedores escolares galegos dan servizo a 85.000 alumnos. Nestes comedores sérvense uns 62.000 menús diarios, é dicir, 11 millóns de menús cada curso. O Goberno galego inviste máis de 360.000€ diarios na prestación deste servizo, uns 63,5 M€ cada curso.

A maiores, a Xunta apoia a prestación do servizo en 50 comedores xestionados polos concellos de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas de Morrazo, Ferrol, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Santiago de Compostela, Sarria e Vilalba con máis de 5.200 usuarios; así como en 210 comedores xestionados por anpas, con máis de 15.100 comensais. Por outra banda, colabórase con 14 asociacións e entidades especializadas na atención á diversidade e coa Deputación Provincial de Pontevedra para facilitarlles que 585 alumnos con discapacidade poidan usar o comedor adaptado ás súas necesidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello analizou a proposta de normativa para actualizar o desenvolvemento das probas de acceso á universidade en Galicia](#)

RUEDA SALIENTA QUE A REFORMA DA PAU PROPOSTA POLA XUNTA BUSCA ASEGURAR CONDICIÓNS MÁIS XUSTAS AO ALUMNADO GALEGO E MÁIS GARANTÍAS NO PROCESO

- Sinala que se busca “garantir, a través dunha maior participación e dunha maior coordinación” que os alumnos e alumnas galegas estean “en igualdade de condicións cando menos que o resto dos alumnos que fan a PAU en toda España”
- O Goberno galego dá un paso adiante para implicarse nunha maior corresponsabilidade, a través da toma de decisións de maneira colexiada xunto coas tres universidades públicas galegas
- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP apunta que a Administración autonómica busca mellorar a PAU “desde o diálogo, desde a tranquilidade e desde a sensatez”
- A matriz do cambio é dispoñer dun marco regulador máis claro, estable e eficaz
- A norma incide no reforzo dos mecanismos para minimizar os erros e, en caso de que se produciren, dotarse dun sistema áxil e eficaz para poder resolvelos ou atallalos
- Crearase unha nova estrutura de coordinación institucional na que estarán representadas a Xunta e as tres universidades públicas galegas
- Haberá unha Comisión Organizadora encargada de deseñar a gran arquitectura da PAU, con funcións estratéxicas e de coordinación xeral
- A Comisión Técnica aglutinará as tarefas operativas e loxísticas vinculadas ao desenvolvemento das probas: elaboración, custodia e corrección
- Reforzarase a presenza do profesorado de Bacharelato, que terá unha participación máis activa nos grupos de traballo, reforzando a conexión entre os contidos impartidos e os exercicios propostos nas probas
- Establecerase un sistema de dobre revisión das probas para minimizar erros e proponse a creación de bancos de exercicio para unha mellor calidade técnica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe que a a reforma da Proba de Acceso á Universidade (PAU) que impulsa a Xunta busca asegurar unhas condicións máis xustas para o alumnado galego de xeito que se blinde a igualdade de oportunidades ao tempo que se busca ofrecer maiores garantías, transparencia e seguridade na aplicación e desenvolvemento das mesmas. Así, apuntou, búscase “garantir, a través dunha maior participación e dunha maior coordinación, que os alumnos e alumnas galegas estean en igualdade de condicións cando menos que o resto dos alumnos que fan a PAU en toda España”.

O Consello da Xunta analizou hoxe o proxecto de acordo con medidas organizativas e de xestión para mellorar a organización e desenvolvemento da proba impulsado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, no que se ten en conta o contexto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estrutural marcado polo novo Real Decreto Estatal de 2024, así como o contexto conxuntural derivado dos fallos recentes constatados na aplicación das probas.

Rueda sinalou que “hai tempo que a Xunta de Galicia vén reclamando cambios nesta proba” e fixo fincapé en que “os erros detectados, evidentes nas probas este mesmo ano, amosan que hai limitacións no modelo actual e que pode ser mellorable”.

Pola súa banda, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, subliñou que a proposta coa que se traballou no Consello da Xunta busca mellorar a PAU “desde o diálogo, desde a tranquilidade e desde a sensatez” e informou que esta proposta “de xeito inmediato” se vai trasladar “para consensuala coas diferentes universidades”. Na súa intervención, apostou por “traballar conxuntamente pola igualdade de oportunidades dos mozos e das mozas galegas”.

Real Decreto de 2024

Tal e como apuntou Román Rodríguez, desde o punto de vista estrutural, as medidas propostas polo Goberno galego acomódanse ao marco estatal establecido no Real Decreto de 2024. Este habilita á comunidade autónoma a revisar e adaptar a regulación autonómica da PAU. O obxectivo é asegurar unha maior coordinación entre a Administración Autonómica e as universidades, como xa fixeron outras comunidades de distintos signo político como Castela e León, Asturias, Castela-A Mancha ou Cantabria.

Así pois, a matriz do cambio é que Galicia se dote dun marco regulador máis claro, estable e eficaz no que o alumnado galego poida competir en igualdade de condicións co reto dos estudantes do estado.

Cómpre subliñar que os datos reflicten que os estudantes galegos obteñen resultados destacados nos diferentes índices estatais e internacionais, mentres que os seus resultados na PAU, derivados dunha maior dificultade da proba, non se corresponden con ese rendemento. De aí que o Goberno galego xa leve tempo traballando na implementación de medidas para unha proba máis homoxénea, que agora se materializarán a través deste desenvolvemento normativo.

Mecanismos para evitar e atallar riscos

Xunto a este contexto estrutural, cómpre ter en conta tamén o contexto conxuntural. A experiencia da convocatoria deste ano, marcada por diversos erros na elaboración de varios exames, evidenciou certas limitacións no funcionamento do modelo actual e unha falta de sistema de traballo definida e garantista que dea certezas e seguridade aos alumnos.

Neste senso, a norma incide no reforzo dos mecanismos para minimizar os erros e, en caso de que se produciren, dotarse dun sistema para poder resolvelos ou atallados de xeito rápido e eficaz.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así pois, a Xunta dá un paso adiante para implicarse nunha maior corresponsabilidade coa PAU, a través da toma de decisións de maneira colexiada xunto coas tres universidades públicas galegas.

Nova estrutura de coordinación institucional

A reforma contempla a creación dunha nova estrutura de coordinación institucional integrada por unha Comisión Organizadora e unha Comisión Técnica, onde estarán representadas a Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas.

A Comisión Organizadora, seguindo o establecido no real decreto estatal, será o órgano encargado de deseñar a gran arquitectura da PAU. Centralizará, por tanto, todas as funcións estratéxicas e será a encargada de establecer criterios comúns, supervisar o funcionamento dos grupos de traballo e garantir a aplicación homoxénea da normativa. Estará adscrita á Consellería de Educación e nela estarán representados a Xunta e as tres universidades públicas galegas.

Pola súa banda, a Comisión Técnica, que, á súa vez, formará parte da Comisión Organizadora, será o órgano que aglutinará o conxunto de tarefas operativas e loxísticas vinculadas á organización e desenvolvemento da proba.

Así pois, a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), a través desta Comisión Técnica, seguirá desempeñando as funcións que viña asumindo ata o de agora. Isto é, continuará sendo a responsable da elaboración, custodia, distribución e corrección das probas de acceso á universidade en Galicia. Deste xeito, mantense a experiencia acumulada pola CIUG durante anos e súmase a da Administración en proceso similares, ao tempo que se integra nun marco máis coordinado e estruturado que permita reforzar as garantías do sistema.

Máis peso do profesorado de Bacharelato

Un dos cambios centrais da proposta é a reforma do funcionamento dos grupos de traballo, responsables da elaboración dos exames, que actualmente son moi heteroxéneos no seu funcionamento e non existen criterios comúns que regulen de maneira detallada os procesos de deseño, revisión e validación.

Para iso, en primeiro lugar, simplificarase a composición destes grupos, que pasan a estar integrados por un máximo de dúas persoas docentes universitarios e ata catro representantes do profesorado de Secundaria ou da Inspección Educativa. A dirección destes grupos poderá recaer tanto en persoal universitario coma non universitario.

Así pois, os grupos de traballo pasarán a contar cun maior peso e unha participación máis activa do profesorado de Bacharelato, que conta cunha experiencia máis directa e coñece o currículo de Bacharelato e a realidade diaria das aulas, reforzando así a conexión entre os contidos impartidos e os exercicios propostos nas probas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, promóvese a participación efectiva de todos os integrantes do grupo no deseño, revisión e validación das probas, e farano dun xeito colaborativo e en base a uns criterios comúns e unhas directrices previas.

Dobre revisión da probas

Tamén se propón implantar un sistema de revisión por pares na elaboración dos exames. Isto é, unha dobre revisión das probas propostas co fin de incrementar a seguridade técnica das mesmas e evitar a aparición de erros, sen que isto implique ningún cambio no modelo de exame ao que se enfrontará o alumnado.

Así pois, cada exercicio será supervisado inicialmente pola persoa que o redacta e por unha segunda persoa revisora. No caso de detectarse posibles melloras durante a elaboración, abrirase un proceso de revisión cooperativa ata alcanzar unha versión validada por ambas partes. Posteriormente, o exercicio será sometido a unha análise final pola dirección do grupo de traballo. O obxectivo desta medida é incrementar a seguridade técnica das probas e minimizar a aparición de erros, sen que isto implique ningún cambio no modelo de exame ao que se enfrontará o alumnado.

Bancos de exercicios

Incorpórase tamén a posibilidade de crear bancos de exercicios, un sistema verificado que se aplica xa noutros procesos selectivos de oposicións ou no exame MIR. Este banco estaría formado por modelos de exercicios ou de exames completos verificados que se poñen á disposición do grupo de traballo para elaborar o exame da proba.

Esta ferramenta contribuirá a mellorar a calidade técnica das probas, reforzar a trazabilidade dos procesos, distribuír de forma máis eficiente o traballo dos grupos e avanzar cara a unha maior homoxeneidade na dificultade, extensión e tempo de resolución dos exames.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTINÚA A DAR PRIORIDADE AO ACOLLEMENTO FAMILIAR PARA ATENDER MENORES BAIXO A SÚA TUTELA E PROTECCIÓN

- O Consello dá luz verde a un novo convenio con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de acollemento en familia extensa, que ten un orzamento superior aos 500.000 euros
- Este acordo enmárcase na aposta do Goberno galego polo acollemento, que fai da nosa comunidade a segunda con mellores ratios neste ámbito

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade durante todo o ano ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa. O orzamento total deste programa é de 505.000 euros, dos cales a Administración autonómica financia 198.353 euros e o resto son achegados pola propia entidade.

Este acordo enmárcase na aposta do Goberno galego por dar prioridade á figura do acollemento no ámbito da protección de menores, tanto en familia allea como en familia extensa. De feito, Galicia é a segunda comunidade autónoma con mellores ratios de acollemento familiar, segundo os datos do Goberno central. Unha aposta que a Xunta reforza aínda máis coa primeira Lei galega de infancia e adolescencia que está a elaborar coas entidades do sector.

A través deste programa atenderanse 150 nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo que son acollidos temporalmente por membros da súa propia familia (tíos, avós, etc.) cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. Deste xeito, procúraselles a posibilidade de vivir nun ambiente familiar e non estraño ao seu contorno social.

Esta iniciativa estrutúrase en dous servizos que responden ás necesidades dos menores, das familia de acollida e dos proxenitores: un servizo de apoio especializado e outro de formación. O primeiro destes servizos inclúe asesoramento e orientación, intervención tanto psicosocial como educativa e mediación nas relacións familiares. O segundo consiste en organizar e desenvolver sesións formativas, que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO AMPLÍA A SÚA ACHEGA AO CONCELLO DE RIORTORTO PARA FINANCIAR AS OBRAS DA NOVA RESIDENCIA DE MAIORES MUNICIPAL

O Consello da Xunta autoriza un novo convenio de 275.000 euros destinados á construción do centro

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Riotorto, destinado a continuar coa colaboración na construción da residencia de maiores. O montante deste acordo é de 275.000 euros para financiar as obras deste equipamento de titularidade municipal. O ente local tamén será o responsable de determinar o modelo de xestión deste servizo residencial.

Estes fondos súmanse aos 1,5 millóns de euros xa achegados pola Xunta a esta actuación a través dun convenio anterior e do Plan de investimentos para a construción e mellora de residencias, centros de día e centros sociais que dependen dos concellos. En total, o Executivo autonómico inviste preto de 1,8 millóns de euros no financiamento das obras deste novo centro residencial de Riotorto, o que supón practicamente o 100% do seu custo.

A residencia contará con 37 prazas e disporá de dúas áreas diferenciadas: unha para espazos e servizos comúns, como lavandaría, comedor ou sala de enfermaría; e outra reservada para os dormitorios. Este recurso reforzará a rede de servizos locais e de proximidade para a atención das persoas maiores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 5 M€ PARA APOIAR MÁIS DE 350 EMPRENDEMENTOS FEMININOS COS CALES SE CREARÁN ARREDOR DE 650 EMPREGOS

- Aprobada a orde de axudas deste ano 2026 do programa Emega, que volve prestar especial atención ás mulleres que emprenden no rural, ás maiores de 55 anos e a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados
- Mantéñense as catro modalidades de subvención de convocatorias anteriores: Emerxe, Impulsa e Innova, con achegas que oscilan entre os 8.000 e os 42.000 euros
- Tamén se establece unha axuda complementaria de ata 5.000 euros para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral

O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde de axudas deste ano 2026 do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino, que conta cun orzamento de preto de 5 millóns de euros. Estímase que, a través desta convocatoria, se poidan financiar máis de 350 proxectos emprendedores constituídos por mulleres e incentivar a creación ou mantemento duns 650 empregos por conta propia ou por conta allea para mulleres.

Ademais de apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais lideradas por mulleres, o programa Emega inclúe medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. A maiores, prevé o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial, co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos seus proxectos empresariais.

Na concesión destas axudas préstase especial atención ao apoio a mulleres que emprenden no rural, para contribuír a fixar poboación nel; ás maiores de 55 anos, polas especiais dificultades para a inserción laboral por conta allea que estas teñen, e a aquelas que desenvolven a súa actividade empresarial en sectores tradicionalmente masculinizados.

Así mesmo, o programa fomenta a colaboración e o traballo en rede entre as mulleres que desenvolvan iniciativas emprendedoras a través de encontros, titorías e mentorizacións que poidan crear sinerxías cara a futuros emprendementos conxuntos. Estas achegas tamén promoven a creación e a consolidación de empresas constituídas a través da unión dos seus proxectos emprendedores.

Modalidades das axudas

Ao igual que en edicións anteriores, a convocatoria deste ano mantén catro modalidades de axuda. A primeira delas é Emega Emerxe, con contías de ata 22.000 euros, para apoiar novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A segunda modalidade é Emega Impulsa, con ata 17.000 euros de subvención, para favorecer a reactivación e a consolidación de empresas constituídas por mulleres, así como a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade. A terceira modalidade de achega é Emega Innova, con contías de ata 42.000 euros, para o desenvolvemento de iniciativas empresariais con contido científico ou con base tecnolóxica.

Por último, e co obxectivo de favorecer a conciliación, conta cunha axuda complementaria ás tres anteriores, Emega Concilia. Con esta modalidade preténdese dar pasos adiante na conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral tanto das mulleres promotoras da iniciativa empresarial como das traballadoras por conta allea. Esta axuda pode ser de 3.000 euros para as promotoras da iniciativa e de ata 5.000 euros para as traballadoras por conta allea.

Presentación das solicitudes

Unha vez que o Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria, o seguinte paso será a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a apertura, a partir do día seguinte, dun mes de prazo para a presentación de solicitudes. Esta orde de axudas está cofinanciada nun 60% pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Poderanse beneficiar destas subvencións as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen o seu plan de reactivación ou mellora no período comprendido entre o 14 de agosto de 2025 e a data da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Por medio das axudas Emega do exercicio pasado, o Goberno galego apoiou 420 iniciativas, coas cales se xeraron ou mantiveron 645 empregos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A CREACIÓN DE MEDIO MILLÓN DE METROS CADRADOS DE SOLO EMPRESARIAL NA PROVINCIA DA CORUÑA CON NOVAS ÁREAS EN CABANA DE BERGANTIÑOS E ORDES

- O Consello da Xunta tomou razón da aprobación inicial do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose) de Cabana de Bergantiños, unha infraestrutura que roldará os 270.000 m²
- Tamén avaliou a licitación da redacción do instrumento que permitirá ampliar o parque empresarial de Merelle, en Ordes, en 232.054 m², un 78 % máis da dimensión actual
- En conxunto, na provincia coruñesa, o Goberno galego ten en marcha diversas actuacións que sumarán 4,2 millóns de metros cadrados ata 2030 cun investimento que roldará os 112 millóns de euros
- O Goberno galego tamén coñeceu o inicio dos trámites que permitirán dotar de solo empresarial o concello pontevedrés de Valga

O Consello da Xunta tomou razón esta mañá de dúas novas actuacións que permitirán a creación de medio millón de metros cadrados (499.270 m²) de solo empresarial na provincia da Coruña. Trátase da construción dunha nova área industrial en Cabana de Bergantiños e da ampliación do parque empresarial de Merelle, situado no concello de Ordes. Con isto, o Goberno galego busca dotar de infraestruturas estratéxicas as zonas con demanda real ou potencial para atraer proxectos económicos estratéxicos ao conxunto da Comunidade galega.

O proxecto de construción do futuro parque empresarial de Cabana de Bergantiños, promovido pola sociedade Xestión do Solo de Galicia (Xestur), no marco do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), arrinca coa aprobación inicial do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose), do cal se tomou razón esta mañá no Consello. A superficie total desta nova infraestrutura é de 267.216 m² e un orzamento estimado duns 26 millóns de euros.

De xeito paralelo, e coa finalidade de axilizar ao máximo os prazos e iniciar canto antes a execución das obras, Xestur puxo en marcha tamén os trámites necesarios para licitar o proxecto de expropiación dos terreos.

Esta actuación enmárcase na estratexia da Xunta de Galicia de incrementar a dispoñibilidade de solo empresarial de promoción pública en ámbitos con demanda e con capacidade de vertebración territorial. Neste caso, o novo parque permitirá dotar a Cabana de Bergantiños e á contorna da Costa da Morte dunha oferta ordenada de solo empresarial, favorecendo a implantación e o crecemento de empresas, a fixación de actividade económica e a xeración de emprego, nunha localización próxima ao eixe A Coruña-Fisterra e ben conectada pola AC-552 e a AG-55.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Merelle

No caso do parque empresarial de Merelle, no concello coruñés de Ordes, o Consello tomou razón da licitación da redacción do Peose para ampliar o polígono actual en 232.054 m², que permitirán acoller o asentamento de novas empresas nunha localidade que se considera estratéxica pola súa situación a medio camiño entre as cidades de Santiago de Compostela e A Coruña.

Deste xeito, o Goberno galego trata de resolver a necesidade de dotar de máis solo industrial o actual parque, que ten todas as parcelas vendidas. Concretamente, incrementará nun 78% a dimensión actual, que rolda os 300.000 metros cadrados e no cal existe unha elevada demanda para a instalación de industrias auxiliares. O proxecto de redacción do Peose ten un prazo de execución de 24 meses e conta cun orzamento de 181.823 euros, IVE incluído.

Nestes momentos, estanse a desenvolver diversas actuacións que permitirán dotar con 4,2 millóns de metros cadrados de solo empresarial a provincia da Coruña cun investimento de 112 millóns de euros. Así, na actualidade, a Xunta ten en marcha as expropiacións dos terreos para ampliar o parque empresarial de Bértoa (Carballo), que incrementará en 629.587 m² a súa superficie actual, e do parque de Coristanco, que contará con 173.153 m² de solo empresarial.

Nas vindeiras semanas tamén se prevé a posta á disposición de novo solo no parque empresarial de Morás (Arteixo); estase a tramitar a ampliación do polígono industrial da Sionlla en Santiago de Compostela, ou o Peose da Plataforma Loxística Empresarial e Portuaria de Mandiá en Ferrol, que xa está en fase de licitación.

Nova área industrial para Valga

Por outra banda, o Consello avaliou o inicio da tramitación do futuro parque empresarial de Valga, que permitirá incrementar en preto de 100.000 metros cadrados (93.741 m²) as bolsas de solo industrial que a Xunta pon á disposición do tecido empresarial na provincia de Pontevedra.

Así, o Goberno galego tomou razón da licitación da redacción do Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose) deste novo ámbito empresarial, que facilitará tanto o asentamento de novas empresas como a ampliación doutras xa en funcionamento e que buscan unha zona máis axeitada para o seu crecemento. O orzamento reservado para a contratación do Peose ascende a 136.115,55 euros (IVE incluído) e conta cun prazo de execución de 24 meses.

O futuro parque empresarial de Valga, previsto no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG), sitúase nun enclave privilexiado, a carón da estrada nacional 550, con acceso á Autoestrada do Atlántico (AP-9) e a pouco máis de 20 quilómetros do porto de Vilagarcía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación súmase a outras que dotarán de máis de 3 millóns de m² de solo a provincia de Pontevedra cun investimento de case 139 millóns de euros. É o caso do futuro parque empresarial de Fragamoreira en Poio, cuxa aprobación definitiva do Peose se prevé para despois do verán; a tramitación do Peose de Toedo (A Estrada); a ampliación do parque empresarial do Campiño; o de Louredo (Mos-Redondela); a ampliación do polígono industrial do Pousadoiro (Vilagarcía de Arousa); a ampliación da MI da Plisan (Salvaterra-As Neves); a cuarta fase do parque empresarial Lalín 2000, ou o proxecto de reurbanización da Central de Transportes e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas.

En definitiva, todas estas actuacións buscan dispoñer dunha oferta de solo máis competitiva, equilibrada e adaptada ás necesidades do tecido produtivo, así como de favorecer a captación de novos investimentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCOPORARÁ SOLUCIÓNS INNOVADORAS BASEADAS EN IA, DATOS E 5G PARA MELLORAR OS SERVIZOS PÚBLICOS E A RELACIÓN COA CIDADANÍA

- Pon en marcha a Estratexia GobTec, que identificará necesidades do sector público autonómico e promoverá o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas en colaboración co ecosistema TIC galego
- A Xunta conta xa con proxectos en marcha por máis de 4 M€ para desenvolver unha plataforma de datos no eido educativo, un modelo de IA en galego e asistentes virtuais para a xestión dos servizos dixitais

A Xunta lanza a Estratexia do Espazo GobTec Galicia, unha iniciativa para modernizar a Administración autonómica mediante o uso intensivo de tecnoloxías disruptivas en colaboración co ecosistema TIC galego. O obxectivo desta folla de ruta, aprobada hoxe no Consello do Goberno galego, é incorporar ao funcionamento da Administración solucións innovadoras baseadas en intelixencia artificial, intelixencia do dato, ciberseguridade e 5G para mellorar a toma de decisións, optimizar procesos e ofrecer servizos públicos de calidade.

A Estratexia GobTec configúrase como un modelo no cal a Administración actúa como motor da innovación, identificando retos de interese público e promovendo o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas que dean resposta a necesidades reais.

A estratexia establece un proceso estruturado para a implantación destas posibles solucións. En primeiro lugar, a identificación de necesidades do sector público; en segundo lugar, o desenvolvemento de solucións innovadoras, que non existen no mercado, en colaboración con empresas do sector tecnolóxico e centros de coñecemento; e, en terceiro lugar, o desenvolvemento de proxectos piloto para comprobar a validez destas solucións e o seu posterior despregamento a grande escala.

Este enfoque permite testar novas tecnoloxías en contornos reais a través de probas de concepto ou contornos de experimentación tipo sandbox, e comprobar que as solucións sexan eficaces antes da súa implantación definitiva. Ademais, facilita que as iniciativas que realmente dean resposta aos retos formulados poidan escalarse e aplicarse, tanto dentro da Administración como noutros sectores.

A colaboración co ecosistema TIC galego é un dos piares fundamentais da Estratexia GobTec Galicia, que implicará empresas, startups, universidades e centros tecnolóxicos no desenvolvemento das solucións mediante comunidades de innovación, espazos de co-creación e iniciativas de colaboración público-privada. Este modelo permitirá fortalecer o tecido empresarial tecnolóxico, fomentar a innovación e xerar novas oportunidades económicas. Por iso, a Estratexia recolle tamén o fomento do talento no sector tecnolóxico con programas de capacitación continua para os profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Iniciativas en marcha

Para a execución desta estratexia, a Xunta conta xa con dous acordos marco en marcha dos cales se licitaron contratos derivados por un importe superior aos 4 millóns de euros para o desenvolvemento de tres iniciativas. No ámbito educativo estase a traballar nunha plataforma de análise e xestión de datos, que permitirá organizar e explotar a información en tempo real para facilitar a toma de decisións máis áxil e precisa.

Outro dos proxectos é a creación dun modelo avanzado de intelixencia artificial en galego, baseado en software libre, que se poderá adaptar a diferentes usos dentro da Administración, garantindo autonomía tecnolóxica e integración cos sistemas existentes.

Ademais, está prevista a posta en marcha de asistentes virtuais para mellorar a relación coa cidadanía, como os propios servizos orientados ao persoal empregado público, permitindo unha atención máis rápida, personalizada e multicanle nos servizos dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 7M€ DO PROXECTO E OBRA CON TÉCNICAS INDUSTRIALIZADAS DE 34 VIVENDAS PÚBLICAS EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

- O Goberno galego dálle luz verde á aceptación das dúas parcelas cedidas polo Concello no Castro de Abaixo
- Trátase das parcelas solicitadas pola Xunta no ano 2024 e situadas na rúa Syra Alonso, onde a Xunta se propón construír dous inmobles de 17 vivendas
- Neste momento, a Xunta está a desenvolver un total de 434 vivendas de promoción pública ás cales se sumarán as 3.609 vivendas, o 80% protexidas, do PIA de Mallou
- Construiranse integramente con cargo a recursos propios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación dos contratos de redacción do proxecto, dirección de obra e execución das obras con técnicas industrializadas de 34 vivendas de promoción pública, que se construírán en dúas parcelas cedidas polo Concello de Santiago de Compostela, na zona do Castro de Abaixo.

O importe de licitación deste contrato será de 7.029.189,56 euros.

Á redacción do proxecto destinaranse 191.556,56 euros, mentres que á dirección de obra serán 114.459,52 euros. Pola súa parte, a obra de construción das vivendas terá un custo de 6.723.173,48 euros.

Trátase das parcelas solicitadas pola Xunta no ano 2024, situadas na rúa Syra Alonso número 5 e 7, ambas de 560 metros cadrados, e nas cales a Xunta propónse construír senllos inmobles de 17 vivendas. Estes inmobles construíranse integramente con cargo a recursos propios da Xunta.

En Santiago de Compostela a Xunta está a desenvolver un total de 434 vivendas de promoción pública, incluídas as que veñen de ser autorizadas hoxe, e das que 400 corresponden a solo propio da Xunta de Galicia e 34 a estas parcelas cedidas polo Concello.

Na cidade, a Xunta tamén está a desenvolver o proxecto de interese autonómico (PIA) no ámbito de Mallou para impulsar a construción de 3.609 vivendas, o 80% protexidas, dentro da Estratexia galega de solo residencial, coa cal se propón construír 25.000 vivendas, 20.000 delas protexidas.

Coa licitación desta nova actuación en Santiago de Compostela a Xunta segue avanzando para duplicar o parque de vivenda pública no período 2024-2028 e chegar ás 8.000 vivendas públicas, e coa previsión do Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030 de chegar a 10.000 vivendas públicas no ano 2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DO CAMPO LAMEIRO NA URBANIZACIÓN DA CONTORNA DO CENTRO DE ESTANCIA DA TERCEIRA IDADE DE AGRELO, QUE SUPORÁ UN ORZAMENTO DE MÁIS DE 510.000 €

- Permitirá a urbanización dunha parcela que rodea este centro situado preto da igrexa de San Miguel do Campo, co obxectivo de atender a necesidade dun acceso peonil e rodado de acordo aos usos que se producen neste centro
- A Xunta asume o 51% do orzamento, máis de 260.000€ euros, e contratará e executará as obras, e o Concello achega o 49% restante do investimento
- As intervencións forman parte do Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar as administracións locais e cofinanciar diferentes tipos de intervencións urbanísticas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio polo que se establecen as bases da colaboración e da cooperación técnica e económica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas co Concello do Campo Lameiro, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na urbanización da contorna do centro de estancia da terceira idade de Agrelo, que suporá un orzamento total de 511.752,86 euros.

Con este acordo preténdense executar as obras necesarias para atender a necesidade dun acceso peonil e rodado de acordo cos usos que se producen neste centro, ademais da urbanización do seu contorno.

O Goberno galego cofinanciará nun 51% esta intervención, achegando un investimento que supera os 260.000 euros (260.993,96€), e contratará e executará as obras.

O Concello do Campo Lameiro achegará o 49% restante do custo das actuacións, algo máis de 250.000 euros (250.758,90€); redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

Estas intervencións realízanse ao abeiro do Plan Hurbe, un programa con que o Goberno galego colabora coas entidades locais para a execución de obras de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A actuación

Esta intervención no lugar de Agrelo permitirá a urbanización dunha parcela de forma rectangular que rodea o centro de estancia da terceira idade preto da igrexa de San Miguel do Campo. A superficie global da intervención abarca 3.749 m².

As actuacións que se van acometer consisten na realización dun acceso para uso rodado a través da rúa Barrio Agrelo e outro acceso exclusivamente peonil na esquina suroeste, resolvendo mediante un sistema de ramplas o desnivel desde a praza da igrexa.

Todo este espazo practicable está delimitado por pequenos muros de contención que, ademais de conter as terras, nalgúns puntos se converten en elementos practicables (bancos). Ademais destes muros, é preciso executar outros no interior das zonas axardinadas para facer pequenos socalcos que regularicen as pendentes e conteñan as terras.

A execución da totalidade dos muros de contención, así como os que conforman as ramplas, están pensados en muros de pedra granítica, de coeira.

Tamén se incorpora un sistema de iluminación mediante farois, morróns e balizas.

Habilitarase, tamén, unha zona ao lado do edificio para a instalación duns aparellos de exercicio saudables e unha pista de petanca.


Os pavimentos resolveranse mediante lastras de pedra granítica e formigón puído.

Na parte que estrema coa estrada PO-231 hai unha beirarrúa que se ampliará e pavimentará con formigón colorado.

Ademais, levaranse a cabo outras actuacións como a recolocación de bancos e outro mobiliario urbano existente, a plantación de árbores, o reaxuste dos sinais urbanos verticais e a colocación dos novos que sexan necesarios, así como a marcación das prazas de aparcamento, a instalación de varandas e pasamáns e o soterramento da liña aérea de iluminación pública e tendido eléctrico.

Planos de planta da actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE PRODUTOS INTRAVASCULARES IMPLANTABLES PARA AS ÁREAS SANITARIAS DO SERGAS POR IMPORTE DE 6 M€

- Trátase da primeira compra centralizada deste tipo de material, coa cal se espera acadar un aforro estimado de 202.000 euros por cada ano de vixencia do contrato
- O obxectivo desta contratación é a adquisición de material funxible necesario para as operacións que se fan nas salas de radioloxía intervencionistas e nos quirófanos de cirurxía vascular
- A subministración inclúe axentes embolizantes, oclusores vasculares, microesferas non reabsorbibles e espirais de embolización

O Goberno galego autorizou hoxe a contratación, por un importe de 6.029.408 euros e mediante acordo marco cun único empresario, da subministración sucesiva de produtos intravasculares implantables con destino ás áreas sanitarias do Sergas.

O contrato autorizado ten un período de vixencia inicial de 24 meses, coa posibilidade de ser prorrogados por outros 24 meses máis. Neste caso, o valor estimado do contrato acada os 12.058.816 euros.

Por primeira vez realizarase a contratación centralizada deste tipo de material, na liña seguida polo Servizo Galego de Saúde, coa cal se espera acadar un aforro estimado de 202.000 euros por cada ano de vixencia do contrato.

O obxectivo desta contratación, que inclúe axentes embolizantes, oclusores vasculares, microesferas non reabsorbibles e espirais de embolización, é garantir a subministración sucesiva deste material funxible necesario para as intervencións cirúrxicas que se realizan nas salas de radioloxía intervencionista e nos quirófanos de cirurxía vascular.

O número estimado de unidades que se mercarán a través deste contrato sitúase en preto das 4.000 anuais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN CON COGAMI DESTINANDO MÁIS DE 196.000 € A FAVORECER A RECUPERACIÓN INTEGRAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ORGÁNICA

- O Consello da Xunta autorizou a renovación do acordo de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, que aumenta o investimento nun 20 % con respecto ao do ano pasado
- O programa está baseado na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade
- As actividades previstas beneficiarán preto dun millar de persoas

O Goberno galego autorizou hoxe a renovación, por importe de 196.800 euros, do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o desenvolvemento un programa de apoio destinado á recuperación integral das persoas con discapacidade orgánica.

O acordo autorizado incrementa nun 20 % o importe con respecto ao convenio asinado no pasado ano, ao cal a Xunta destinou 164.000 euros.

As asociacións de discapacidade orgánica integradas en Cogami son as de persoas afectadas de hemofilia e outras coagulopatías conxénitas; de esclerose múltiple; de patoloxías reumáticas; de párkinson; de patoloxías do ril; de Crohn e colite ulcerosa; de fibromialxia e fatiga crónica; de fibrose quística; de enfermidades neuromusculares; de linfedema, lipedema e outras patoloxías vasculares e, ademais, de persoas afectadas por transplantes medulares.

Para levar a cabo as actividades previstas no convenio, que beneficiarán preto dun millar de persoas, Cogami e o seu movemento asociativo achegará un equipo multidisciplinar formado por persoal profesional con formación e experiencia na materia que desenvolva a metodoloxía que se vai empregar: traballadores sociais, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, psicólogos, logopedas, pedagogos, profesionais de INEF, monitores, etc., así como o persoal de xestión e servizos necesario.

O programa obxecto do convenio, no cal se abordarán diversos aspectos de cara á promoción da saúde e á prevención de dependencias relacionadas con patoloxías orgánicas, está baseado na prestación dos tratamentos e técnicas máis axeitadas para cada patoloxía e persoa en función do seu grao de afectación e evolución da enfermidade, prestados por persoal especializado con experiencia e formación para o tratamento do colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As intervencións efectuaranse en cada territorio ou, se o perfil o require, nos domicilios particulares, empresas ou centros de atención, sempre co obxectivo de que a persoa mellore a súa autonomía no seu contorno natural de desenvolvemento.

Plan integral

O dito programa ten un contido innovador e diferenciado con respecto a outros programas sanitarios dirixidos a persoas con discapacidade e ás súas familias, ao tratarse dun plan integral cun perfil de destinatarios concretos e ámbito de desenvolvemento de actividades particularizado, centrado na atención especializada a cada colectivo no seu territorio, traballando sobre as persoas con enfermidade crónica que derivan nunha discapacidade, para previr o seu empeoramento e as situacións de dependencia que poidan derivar delas.

Os beneficiarios contarán cun programa asistencial de tratamento actualizado e profesional que atenda as súas circunstancias de saúde persoais e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para a mellora da súa saúde física e mental, na medida en que lles permita desenvolver a súa vida do xeito máis autónomo posible, de modo que acaden o máximo grao de autonomía funcional posible.

Deste xeito, as persoas que resulten beneficiarias poderán ter un mellor coñecemento da súa patoloxía, o cal implica unha maior sensación de control da enfermidade, mellora da autopercepción e adherencia ao tratamento, ademais de mellorar a rede de apoio familiar e social.

Tamén poderán acceder a formación sobre a patoloxía e os tratamentos, adestrando as persoas e implicándoas no seu autocoidado diario, mellorando a súa autonomía e independencia das persoas afectadas no coidado diario e, especialmente, á hora de afrontar gromos.

Verán mellorado o seu tratamento e adherencia a través do asesoramento e adestramento con produtos de apoio específicos para as necesidades de cada persoa afectada, así como tamén verán melloradas as súas habilidades cognitivas (memoria, atención, etc.) ou a mobilidade, a deglutición ou outros problemas derivados especificamente de cada patoloxía atendida.

Tamén suporá unha mellor calidade de vida, derivada dunha maior sensación de control e desenvolvemento dos recursos dispoñibles para afrontar os síntomas e as consecuencias do diagnóstico.

Todo isto permitirá, pola súa vez, beneficios para o sistema sanitario, entre outros, ao reducir a demanda de atención sanitaria primaria ou asistencial, así como unha redución do gasto sanitario e farmacéutico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACADA UN NOVO RÉCORD NA SÚA OFERTA DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA COA CONVOCATORIA DE 725 PRAZAS PARA O EXERCICIO 2026-2027

- A Consellería de Sanidade incrementa en 43 o número de prazas respecto ao ano anterior, consolidando a maior oferta realizada ata o de agora na Comunidade
- O Executivo galego convoca o 100 % das prazas acreditadas en especialidades clave como Medicina de Familia, con 207; Pediatría, con 27, ou na nova especialidade de Urxencias e Emerxencias, con 24
- A Sanidade galega tamén verá incrementada a oferta de prazas vinculadas á saúde mental, con 20 prazas de Psiquiatría, 2 de Psiquiatría Infantil e Adolescencia e 17 prazas en Psicoloxía Clínica
- A Xunta consignou neste 2026 unha partida de 94,2 M€ para financiar integramente as prazas formativas, un incremento do 11,5 % en comparación con 2025

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa reunión semanal, a nova oferta de formación sanitaria especializada para o exercicio 2026-2027, unha convocatoria na cal volverá bater o seu récord formativo coa oferta de 725 prazas.

A oferta, na cal se inclúen as prazas formativas de Medicina (MIR), Farmacia (FIR), Enfermaría (EIR), Psicoloxía (PIR), Química (QIR), Bioloxía (BIR) e Física (RFIR), incrementa en 43 o número de prazas convocadas en 2025, un total de 682.

Un ano máis, o Goberno galego aposta pola consolidación e o incremento de prazas en áreas estratéxicas, de forma especial naquelas vinculadas coa atención primaria, onde se rexistra un déficit máis acusado de profesionais.

Neste sentido, volverá convocar o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades de Medicina Familiar e Comunitaria, con 207 prazas; e en Pediatría, con 27.

Do mesmo xeito, a Xunta reforzará o ámbito da saúde mental convocando o 100 % do seu potencial formativo neste eido. En concreto, con 20 prazas de Psiquiatría (1 máis que na anterior convocatoria); 2 prazas de Psiquiatría Infantil e da Adolescencia; e 17 prazas en Psicoloxía Clínica (1 máis que o ano pasado).

Outras das especialidades nas cales Galicia ofertará o 100 % das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade serán as de Medicina Interna, CardioloXía, Cirurxía, Xeriatria, Radiodiagnóstico, TraumatoloXía, Rehabilitación, Matronas e tamén na nova especialidade de Medicina de Urxencias e Emerxencias. Neste último caso, o Executivo galego convoca 24 prazas de facultativos residentes, 18 máis que o pasado ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Investimento de 94,2 M€ e recoñecemento docente

Tal e como vén acontecendo nos últimos anos, a Xunta financiará integramente a totalidade das prazas formativas convocadas para o exercicio 2026-2027.

Así, e co obxectivo de garantir a calidade da formación sanitaria especializada en Galicia, destina neste 2026 unha partida de 94,2 millóns de euros a este fin. Esta cifra supón un incremento do 11,5 % en comparación co ano 2025.

Xunto con esta aposta orzamentaria, o Goberno galego tamén seguirá poñendo en valor o esforzo e a implicación dos titores, titoras e colaboradores docentes dos centros sanitarios. Para iso, a Administración galega continuará a aplicar o Decreto 48/2023, do 20 de abril, deseñado para incentivar o labor fundamental que realizan tanto as xefaturas de estudos como os propios titores.

Demandas ao Ministerio de Sanidade

Co obxectivo de mellorar o sistema de formación sanitaria especializada e, en consecuencia, o Sistema nacional de saúde, a Xunta reitera as reclamacións que xa lle trasladou en diversas ocasións ao Ministerio de Sanidade.

Por unha banda, solicita a axilización da creación de novas especialidades, sostendo que a medicina personalizada require ferramentas avanzadas, polo que é preciso que se aprobe definitivamente o Real decreto para a creación das especialidades de Xenética Médica e Xenética de Laboratorio. Sobre este particular, e malia que a súa tramitación foi aprobada na Comisión Nacional de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde en decembro de 2024, nestes momentos descoñécese o seu estado real.

Así mesmo, o departamento sanitario galego reclama a posta en marcha definitiva do Rexistro de profesionais para todo o sistema sanitario nacional, que permita unha planificación global e eficiente das convocatorias. Este compromiso foi adquirido polo Ministerio nun Consello Interterritorial do ano 2018 e segue sen materializarse de xeito definitivo.

** Anexo: Prazas formación sanitaria Galicia 2026-2027

| <u>PRAZAS FSE GALICIA</u> | <u>OFERTA 2026-2027</u> |
|--------------------------------|-------------------------|
| ALERGOLOXÍA | 2 |
| ANÁLISES CLÍNICAS | 7 |
| ANATOMÍA PATOLÓXICA | 7 |
| ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN | 21 |
| ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR | 5 |

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

| | |
|---|----|
| APARELLO DIXESTIVO | 10 |
| CARDIOLOXÍA | 12 |
| CIRURXÍA CARDIOVASCULAR | 2 |
| CIRURXÍA XERAL E DO APARELLO DIXESTIVO | 15 |
| CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL | 1 |
| CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA | 15 |
| CIRURXÍA PEDIÁTRICA | 2 |
| CIRURXÍA PLÁSTICA ESTÉTICA E REPARADORA | 2 |
| CIRURXÍA TORÁCICA | 2 |
| DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA | 6 |
| ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN | 5 |
| FARMACIA HOSPITALARIA | 11 |
| XERIATRÍA | 4 |
| HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA | 9 |
| INMUNOLOXÍA | 2 |
| MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN | 6 |
| MEDICINA INTENSIVA | 12 |
| MEDICINA INTERNA | 21 |
| MEDICINA NUCLEAR | 2 |
| MEDICINA DE URXENCIAS E EMERXENCIAS | 24 |
| MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA | 6 |
| NEFROLOXÍA | 5 |
| PNEUMOLOXÍA | 8 |
| NEUROCIRURXÍA | 3 |
| NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA | 3 |
| NEUROLOXÍA | 10 |
| OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA | 11 |
| OFTALMOLOXÍA | 14 |
| ONCOLOXÍA MÉDICA | 11 |
| ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA | 3 |
| OTORRINOLARINGOLOXÍA | 9 |
| PEDIATRÍA E ÁREAS ESPECÍFICAS | 27 |
| RADIODIAGNÓSTICO | 21 |

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

| | |
|--|------------|
| RADIOFÍSICA HOSPITALARIA | 3 |
| REUMATOLOXÍA | 4 |
| UROLOXÍA | 9 |
| MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA | 207 |
| ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA | 53 |
| MEDICINA PREVENTIVA | 5 |
| MEDICINA DO TRABALLO | 6 |
| ENFERMARÍA DO TRABALLO | 2 |
| MATRONAS | 20 |
| PSIQUIATRÍA | 20 |
| PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA | 2 |
| PSICOLOXÍA CLÍNICA | 17 |
| ENFERMERÍA SAÚDE MENTAL | 21 |
| ENFERMARÍA PEDIÁTRICA | 16 |
| ENFERMARÍA XERIÁTRICA | 4 |
| TOTAL | 725 |

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN PAQUETE DE MELLORAS LABORAIS E RETRIBUTIVAS PARA O PERSOAL MÉDICO DOS SERVIZOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS

- O plan recolle un incremento total de 5 euros por hora na xornada complementaria destes facultativos, que se aplicará de xeito progresivo entre os anos 2026 e 2027
- Entre as medidas aprobadas, tamén se inclúen melloras no cómputo de xornada e a retribución como módulo festivo da quenda de noite da xornada dos venres
- O Servizo Galego de Saúde comprométese a realizar un estudo de cargas de traballo no último trimestre do ano para valorar posibles ampliacións dos cadros de persoal

O Consello da Xunta aprobou esta mañá un paquete de melloras laborais e retributivas para o persoal facultativo das Urxencias hospitalarias do Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de dar resposta ás demandas deste colectivo médico.

A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde deseñou un conxunto de medidas coas cales adaptará as condicións de traballo á singularidade e especificidade que require a atención das urxencias hospitalarias.

Entre estas melloras adoptadas destaca o incremento de 5 euros no valor da hora da xornada complementaria, unha suba que se aplicará de xeito progresivo, durante os anos 2026 e 2027, e con independencia de futuras subas a nivel estatal.

Así, e de xeito retroactivo ao 1 de abril de 2026, aplicarase un incremento de 2 euros á hora, que acada os 34,56 € e, no ano 2027, engadirase un incremento adicional de 3 euros por hora, ata acadar os 37,56 €.

O Executivo galego tamén dá resposta a unha reivindicación histórica dos profesionais médicos de Urxencias ao retribuír a noite do venres como módulo prefestivo. Xa que logo, esta quenda contará co mesmo tratamento retributivo que a noite do sábado-domingo.

Así mesmo, modifícanse os criterios de cómputo do réxime de descanso nesta categoría, aplicando estes cambios con efecto retroactivo ao 1 de xaneiro de 2026.

O Servizo Galego de Saúde tamén se compromete a avaliar as cargas de traballo no último trimestre do ano, co obxectivo de adaptar os plans funcionais de cada servizo e así valorar posibles ampliacións nos cadros de persoal. Sobre este particular, o departamento sanitario da Xunta vixiará estreitamente a carga asistencial de todos os seus dispositivos de Urxencias para evitar as sobrecargas individuais, garantir unha distribución equilibrada de tarefas e asegurar a calidade da atención prestada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A ASISTENCIA DO VERÁN RETENDO 237 FACULTATIVOS QUE REMATAN O MIR, CUNHA BOLSA DE MÁIS DE 1.000 PROFESIONAIS VOLUNTARIOS E UN INVESTIMENTO DE 10,1 M€

- O Executivo galego aproba o Plan sanitario de verán de 2026
- O 90,6 % das camas hospitalarias estarán operativas na tempada estival, case 20 puntos por riba da ocupación media rexistrada no verán de 2025, que foi do 71,26 %
- O Servizo Galego de Saúde manterá o 100 % das camas dispoñibles nos hospitais galegos para seren empregadas se así o require a demanda asistencial
- Galicia conseguiu reter ata o momento máis do 77 % dos MIR que remataron a súa formación na Comunidade, unha porcentaxe que supera o 84% no caso da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria
- Ofértase a mobilidade voluntaria temporal de profesionais cara aos centros sanitarios que o precisen para garantir as prestacións asistenciais
- En materia preventiva, o plan inclúe o control periódico da calidade das augas de baño e iniciativas especiais pola eclipse total do 12 de agosto
- As medidas responden á planificación asistencial do verán, con menores índices de ocupación hospitalaria pola redución estacional de patoloxías, cunha maior afluencia turística e a necesidade de cobertura das vacacións do persoal da sanidade pública

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o novo Plan sanitario de verán para 2026, que conta cunha bolsa de 1.049 profesionais sanitarios voluntarios, 237 facultativos que acabaron a súa formación na Comunidade e que o Servizo Galego de Saúde consegue reter, e que destinará 10.144.701 euros para o reforzo da asistencia sanitaria na época estival.

A Consellería de Sanidade desenvolve un conxunto de actuacións orientadas a garantir a protección da saúde da cidadanía e a continuidade da asistencia sanitaria, mediante a integración de medidas de saúde pública e de organización, planificación e reforzo, tanto da atención primaria como da hospitalaria.

Este plan ten en conta o incremento da mobilidade da poboación durante o verán, a afluencia turística, as condicións ambientais propias desta época e a concentración de eventos e actividades ao aire libre.

A planificación asistencial do verán tamén se fai tendo en conta factores como os menores índices de ocupación hospitalaria nestas datas debido á redución estacional de patoloxías e a correlativa redución de ingresos por enfermidade, ademais das vacacións que lle corresponden ao persoal do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste contexto, os 14 hospitais públicos galegos manterán o 100 % das camas dispoñibles, se así o require a demanda asistencial. Tendo en conta que a porcentaxe de ocupación do pasado ano foi do 71,26 %, o Servizo Galego de Saúde disporá do 90,6 % de camas operativas para garantir a calidade asistencial, ao reservar un número case 20 puntos maior ao previsiblemente necesario.

En todo caso, como medida de garantía fronte á posibilidade de situacións excepcionais e imprevisibles, os centros hospitalarios tamén dispoñen de plans de continxencia propios que permiten adoptar medidas de xeito áxil, de ser preciso.

No que respecta á atención primaria, a Xunta conta cunha bolsa de 239 facultativos e 810 profesionais de Enfermaría para cubrir os centros de saúde ou realizar gardas voluntarias nos puntos de atención continuada (PAC).

Ofertarase tamén a opción de prestar servizos temporalmente nun centro de saúde distinto ao do destino do profesional que o solicite, no caso de centros sanitarios que precisen un reforzo prioritario ou teñan especiais necesidades de cobertura.

Esta medida tamén estará dispoñible para o persoal doutras comunidades autónomas que acepten prestar servizos nos ditos centros e que xa funcionou en veráns previos.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde prevé reforzos de persoal puntuais durante festas ou eventos de notable afluencia.

Fidelidade dos novos médicos

A sanidade pública galega logrou este ano reter ata o momento o 77,45 % dos MIR que rematan a súa formación na Comunidade. En concreto, 237 dos 306 residentes de Medicina Familiar e Comunitaria, Pediatría e as súas áreas específicas, e do resto de especialidades que remataron a súa formación en Galicia.

Destaca o número de novos especialistas de Medicina Familiar e Comunitaria que se logra reter: foron contratados 96 profesionais de Medicina de Familia dos 114 que remataron a súa formación en Galicia, o que supón o 84,2 %.

Tamén é importante o dato de 29 médicos de Urgencias hospitalarias que formalizaron o seu vínculo co Servizo Galego de Saúde.

Prevenición na eclipse

No que respecta ás medidas preventivas en materia de saúde pública, a Xunta ten en conta a especial relevancia da eclipse solar total do 12 de agosto de 2026. Este fenómeno incrementará a afluencia de persoas a determinados puntos de observación e pode xerar riscos asociados a lesións oculares por observación directa do sol sen protección homologada ou con filtros ou métodos caseiros non seguros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Xunta ofrece información completa sobre o evento nunha [páxina web específica da eclipse](#) e reforzará a difusión de recomendacións sanitarias insistindo en que nunca se debe mirar directamente ao sol sen protección certificada.

Recoméndase o uso exclusivo de lentes ou filtros solares homologados e evitar cristais afumados, radiografías, gafas de sol convencionais, cámaras, prismáticos ou telescopios sen filtros específicos.

Tamén é preciso protexerse da calor con crema de protección solar e beber auga para manter unha hidratación axeitada.

Durante os meses de verán, a Consellería de Sanidade toma outras medidas de protección da saúde da cidadanía, como o control quincenal sobre a calidade das augas rexistradas como zonas de baño, o aviso por vagas de calor ou a prevención de gromos alimentarios ou ambientais polos efectos das altas temperaturas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO POLO QUE DESTINA 60.000 EUROS Á ORGANIZACIÓN DO 31º FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OURENSE

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude volve achegarlle 60.000 euros á vindeira edición do certame, que terá lugar do 25 de setembro ao 4 de outubro como a gran cita audiovisual galega de carácter competitivo

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Asociación Cultural Luarada, a través do cal mantén a súa achega anual de 60.000 euros para a organización do vindeiro Festival Internacional de Cine de Ourense – OUFF como a gran cita do audiovisual galego de carácter competitivo. O certame celebrará a súa 31ª edición do 25 de setembro ao 4 de outubro cunha ampla programación que combina proxeccións desde distintas pantallas da cidade con actividades paralelas destinadas a profesionais, público xeral e escolares.

O OUFF é a cita das súas características máis lonxeva de cantas teñen lugar na nosa Comunidade e sitúase, despois de ter superado tres décadas, como festival de referencia na promoción do cine galego e español, ademais de abrir unha fiestra á mellor e máis recente produción internacional.

O encontro, que é froito da colaboración público-privada desde os seus inicios e que tamén conta co financiamento da Deputación Provincial de Ourense, desenvolverá na súa 31ª edición un intenso programa conformado polas seccións oficiais competitivas para longametraxes e curtas que concorren aos diferentes premios, un deles dedicado especificamente aos filmes galegos participantes. Tamén outorga galardóns de carácter honorífico (Calpurnia de Honra, Premio Especial OUFF, Premio AISGE), así como un recoñecemento á mellor ópera prima española.

Completan as actividades estreas de películas e ciclos especiais, encontros profesionais, o apartado OUFF Escola, exposicións, a residencia audiovisual Faíscas, as seccións Xanela para proxectos en construción, Colleita para filmes vencellados ao festival e Agarimo para homenaxear unha figura destacada do cinema.

A contribución da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao desenvolvemento do OUFF insírese na súa planificación de apoio a festivais estratéxicos do sector audiovisual, do cal tamén forma parte a convocatoria anual de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, pola que en 2026 se lles adjudicaron 310.000 euros a 11 eventos do sector. Esta medida forma parte da política integral de apoio ao sector, pola que este ano a Xunta investirá uns 8 M€ nas distintas fases do proceso audiovisual, desde a xénese creativa ata a chegada dos filmes ás pantallas, pasando pola rodaxe, difusión e comercialización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 276.000 € Á RECUPERACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS DE MIÑO AFECTADOS POLOS TEMPORAIS DE COMEZOS DE ANO

- Prevese executar actuacións de restauración e rexeneración nunha superficie superior aos 690.000 m²
- O plan presentado pola confraría recolle labores de acondicionamento do substrato e a sementeira de 1 millón de unidades de ameixa fina en Bañobre
- Xa son 9 os convenios levados ao Consello da Xunta para a súa autorización, incluídos no plan de extraordinario dotado con preto de 23 M€

A Administración autonómica continúa avanzando nas medidas destinadas á recuperación dos bancos marisqueiros afectados polos temporais e episodios excepcionais de baixa salinidade rexistrados a comezos de ano. O Consello da Xunta deu conta hoxe dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores de Miño con este fin por un importe de 276.087,05 euros, distribuídos no bienio 2026-2027 e cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).

Con este convenio, xa son 9 os que lle foron presentados ao órgano autonómico para ser autorizados, xa que se suma aos de Noia, Muros, Cabo de Cruz, Vilanova, Barallobre, Anllóns, Moaña e O Carril.

Esta iniciativa ten por obxecto desenvolver un plan de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira vinculado aos temporais de comezos de ano. Deste xeito, as actuacións executaranse prioritariamente nos bancos marisqueiros situados entre o final da Praia Grande de Miño e Punta Allo e entre a canle de Hervás e Punta Curbeiros, cun ámbito total de actuación de 691.087,5 metros cadrados.

O proxecto presentado polo pósito recolle actuacións de acondicionamento do substrato de superficie produtiva mediante labores de preparación do terreo con medios manuais e mecánicos, co obxectivo de mellorar as condicións do hábitat para o desenvolvemento das especies marisqueiras. Tamén se realizarán accións de control de depredadores no banco de Bañobre para reducir o impacto do cangrexo verde (*Carcinus maenas*), así como actuacións de retirada da ostra xaponesa (*Magallana gigas*), considerada unha especie exótica invasora que compite cos recursos autóctonos.

Ademais, levaranse a cabo traballos de rareo e traslado de ameixa fina, ameixa xaponesa e berberecho entre distintos bancos marisqueiros, co fin de optimizar o seu crecemento, supervivencia e rendemento produtivo, favorecendo a súa adaptación ás condicións ambientais máis axeitadas.

Entre as actuacións previstas figura tamén a preengorda de semente en instalacións específicas situadas nos bancos de Bañobre e porto de Miño, e a posterior sementeira

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dun millón de exemplares de ameixa fina procedentes do Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo.

Implicación directa do sector

O plan contará coa participación directa de 18 persoas mariscadoras da confraría, que desenvolverán tarefas de restauración ambiental, seguimento dos bancos, mantemento das estruturas de cultivo, vixilancia e colaboración nos programas de mostraxe científica. Percibirán ata 700 euros mensuais co obxectivo de asegurar unha alternativa económica ás profesionais afectadas polo cesamento de actividade mentres traballan directamente en recuperar os hábitats de especies estratéxicas de bivalvos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 4,2 M€ Á CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DOS ECOSISTEMAS DOS BANCOS MARISQUEIROS

- A iniciativa, cofinanciada polo Fempa, inclúe estudos científicos e actuacións para a mellora da produtividade das zonas produtivas
- Súmase ao Plan integral de recuperación dos areais afectados polos episodios de intensas choivas de comezos de ano, dotado con preto de 23 M€

A Consellería do Mar investirá 4,3 millóns de euros en actuacións de conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños vinculados ao marisqueo sustentable durante o período 2026-2028. Os traballos serán executados pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (Seaga) e contarán co cofinanciamento do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) 2021-2027.

A iniciativa, da cal deu conta hoxe o Consello da Xunta, ten como obxectivo mellorar o estado ambiental e a capacidade produtiva dos bancos marisqueiros galegos mediante actuacións baseadas en criterios científicos e adaptadas ás características de cada ecosistema. A medida súmase así a outras postas en marcha recentemente polo Goberno galego, como o Plan integral de recuperación da zonas prexudicadas polos episodios de intensas choivas producidos a comezos de ano, e que está a mobilizar preto de 23 millóns de euros no litoral galego.

Os traballos comezarán coa realización de estudos e avaliacións científicas en hábitats de especial interese para a actividade marisqueira. Estas análises permitirán coñecer o estado dos sedimentos, a distribución das poboacións de moluscos bivalvos de interese comercial e as condicións ambientais da superficie produtiva. Para iso realizaranse mostraxes de sedimentos e macrofauna bentónica, así como distintas análises de laboratorio que servirán de base para definir as actuacións máis axeitadas en cada zona.

A partir dos resultados obtidos elaboraranse proxectos específicos de conservación e restauración que incluírán a caracterización ambiental dos espazos, a definición das medidas de intervención, a cartografía detallada e os sistemas de seguimento e avaliación.

Entre as actuacións previstas neste eido figuran o control de especies competidoras e depredadoras, a retirada de residuos, as sementeiras e traslados controlados de moluscos, a mellora dos substratos mediante achega de conglomerados, a remoción de fondos mariños e os dragados en áreas afectadas pola acumulación excesiva de sedimentos. O obxectivo é favorecer a recuperación dos hábitats costeiros, incrementar a produtividade dos bancos marisqueiros e reforzar a biodiversidade asociada a estes ecosistemas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa inclúe, ademais, un seguimento científico continuado para avaliar a eficacia das actuacións. Neste marco acometeranse controis oceanográficos, estudos de laboratorio, rexistros da actividade extractiva e sistemas de monitorización da fauna con incidencia sobre as especies de interese comercial.

A Consellería do Mar tamén prestará apoio técnico e material ás confrarías que promovan actuacións de mellora nos seus ámbitos territoriais, especialmente naqueles casos en que non dispoñan dos medios necesarios para desenvolverlas de forma autónoma.

Outra das vertentes do programa será a difusión dos resultados obtidos e a transferencia de coñecemento ao sector, co propósito de facilitar a aplicación doutras medidas de mellora ambiental e produtiva nos bancos marisqueiros galegos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA EMITE BONOS SUSATENTBLES POR VALOR DE 500 M€, ORIENTADOS A INVESTIMENTOS SOCIAIS, AMBIENTAIS E Á ECONOMÍA VERDE

A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, pon de manifesto a súa confianza na economía e nas finanzas da Comunidade

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o informe sobre a nova emisión de bonos sustentables nos mercados financeiros por importe de 500 M€ que se lanzou a pasada semana. Estes bonos están orientados a investimentos sociais e ambientais, á economía verde e sustentable e vinculados á Axenda 2030.

A ampla demanda de investidores, tanto domésticos como internacionais, pon de manifesto a súa confianza na economía e nas finanzas da Comunidade, debido ao seu marco institucional, económico e xurídico estable, que lles achega certeza, seguridade e credibilidade.

O ano pasado, as axencias de *rating* melloraron as cualificacións crediticias de Galicia fundamentándose nun crecemento económico sólido e continuado da Comunidade, no bo desempeño orzamentario e no moderado nivel de débeda. Isto permitiulle á rexión ter un maior acceso aos mercados de capitais e cubrir as súas necesidades de financiamento en mellores condicións que outras administracións.

A ampla demanda de investidores, por importe superior a 1.500 millóns de euros, permitiu reducir o custo final da emisión en 5 puntos básicos sobre o tipo inicial de referencia, e fíxose nun 3,29 %.

Nesta emisión houbo unha importante presenza de investidores estranxeiros de alta calidade, o que demostra a solvencia da Comunidade Autónoma. De feito, na distribución xeográfica sobresa a participación de máis do 65 % de investidores estranxeiros, entre os cales destacan Italia, o Reino Unido, Benelux e Asia e Oriente Medio.

A Xunta está executando o programa de financiamento para 2026, aínda que ao aprobarse, por terceiro ano consecutivo, o orzamento en equilibrio orzamentario, a formalización destas operacións non suporá un incremento de endebedamento neto para a Comunidade ao final do exercicio.

Sustentabilidade no PEG

A Comunidade galega ten un forte compromiso coa sustentabilidade, recollida no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG). No ámbito financeiro, este compromiso materialízase no Marco de financiamento sustentable, que implica o compromiso de utilizar os recursos de débeda para proxectos sustentables, orientados a investimentos sociais e ambientais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Comunidade de referencia no control do endebedamento

A responsable xestión financeira do Goberno da Xunta fixo que Galicia sexa a comunidade autónoma que menos incrementou o seu endebedamento nos últimos lustros. Por esta razón, Galicia é a comunidade autónoma de referencia no control do seu endebedamento, cun nivel de débeda 6,3 puntos inferior á media das comunidades autónomas.

A débeda pública de Galicia representa só o 3,52 % do total da débeda do conxunto das comunidades, o mellor dato de toda a serie histórica, que comeza no ano 1994. Ademais, a ratio de débeda PIB galega sitúase no peche de 2025 no 13,9 %, fronte ao 20,2 % da media autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACORDA A LICITACIÓN DUNHA SENDA E UNHA GLORIETA NA ESTRADA PO-542 EN PAZOS, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA, CUN INVESTIMENTO DE 1,4 M€

- Habilitarase un itinerario nun treito de 980 m desta vía autonómica, executarase unha glorieta no quilómetro 4+900, suprimiranse carrís centrais de espera para o xiro á esquerda no treito de actuación e melloraranse as interseccións existentes
- A actuación favorecerá a conexión entre os núcleos da Ermida, Pazos e Marcón, situados nas proximidades, así como comunicar os principais focos de atracción da zona como o C.E.I.P de Marcón, a igrexa parroquial ou o polideportivo
- As obras licitaranse nas vindeiras semanas para adxudicar a súa execución este mesmo ano

O Consello da Xunta acordou hoxe a licitación da obra de mellora viaria para o fomento da mobilidade sustentable na estrada autonómica PO-542, en Pazos, no concello de Pontevedra.

A Xunta destinará un investimento total de case 1,4M€ (1.394.664,14 euros) ás obras necesarias para a construción dunha senda que permita a circulación de peóns e ciclistas non deportivos pola marxe dereita desta vía autonómica, entre os puntos kilométricos 4+620 - 5+600, e para a execución dunha glorieta no quilómetro 4+900 desta PO-542.

A través desta actuación, o Goberno galego ten como finalidade a mellora da actual intersección en cruz existente no citado punto 4+900; reducir o número de xiros á esquerda no tramo comprendido entre os puntos 4+700 e 5+600; acadar unha diminución da velocidade e reordenar o espazo público neste treito da vía autonómica.

A actuación no seu conxunto favorecerá a conexión entre os núcleos da Ermida, Pazos e Marcón, situados nas proximidades, así como comunicar os principais focos de atracción da zona (C.E.I.P de Marcón, igrexa parroquial, polideportivo, etc.).

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas esta obra, coa previsión de adxudicar as obras a finais deste ano. O prazo de execución das obras é de 18 meses.

As obras

As obras que se van contratar inclúen o itinerario peonil e ciclista proxectado, que será de formigón coloreado *terrizo*, e consta de 980 m de lonxitude, ao longo dos cales se prevén, ademais das obras de pavimentación, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A execución desta senda realizarase pola marxe dereita da PO-542, desde o quilómetro 4+630 ata acadar a glorieta existente á altura do quilómetro 5+600, así como unha senda pola marxe esquerda entre os puntos 4+755 e 4+960.

A sección transversal varía en función do ancho dispoñible entre a beiravía da PO-542 e a liña de deslindamento do dominio público e ten, en xeral, ancho mínimo de 1,8 m (que, xunto co ancho do bordo, fai un total de 2,02 m de ancho transitable), agás nalgunhas zonas onde hai presenza de vivendas. O bordo executarase cunha altura duns 10 cm sobre a plataforma da vía, salvo nas zonas en que se inclúe a franxa axardinada, onde este bordo quedará enrasado coa terra vexetal. Deste xeito, proxeccións varias seccións tipo segundo o ancho dispoñible e o contorno en que se sitúa.

Mantense a actual localización das paradas de bus (no punto 4+950 aproximadamente).

Con respecto á definición xeométrica da glorieta que se vai executar no punto 4+900, o proxecto ten en conta as características das actuais vías (estrada autonómica PO-542, estrada provincial EP-004 e vía local cara ao cemiterio municipal de Marcón), a localización das paradas de bus e a existencia de edificacións no contorno da actuación; cuestións que determinaron a localización da glorieta, a súa xeometría e a definición dos ramais de conexión.

Deste xeito, no proxecto deseñouse unha plataforma para a glorieta coas seguintes características: diámetro exterior de 30 m (incluídas beiravías), 2 carrís de 4 m de ancho cada un, beiravías interior e exterior de 1,00 m.

Así mesmo, elimináronse os xiros á esquerda no tramo comprendido entre esta glorieta e a glorieta existente no punto 5+600, suprimindo os carrís centrais de espera existentes para facilitar estas manobras de xiro á esquerda e acadando, deste xeito, un ancho dispoñible maior para poder encaixar a senda pola marxe dereita da vía.

Tamén se procederá á redución do ancho dos carrís da estrada PO-542 ata os 3,25 metros para implantar unha mediana en pintura no centro da vía dun ancho que varía entre 0,75 m e 1,00m, e melloraranse as principais interseccións existentes no tramo de actuación, xerando unhas pequenas cuñas de aceleración e desaceleración nestas, das cales actualmente carecen.

Esta nova actuación da Xunta conta con financiamento dos fondos europeos Feder 21/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Localización da zona de traballo



INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Imaxe 9: Estado actual Intersección PO-542. P.k. 4+900



Imaxe 10: Deseño previsto Intersección PO-542. P.k. 4+900

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE AO PNEUMOCOCO E AO HERPES ZÓSTER NAS RESIDENCIAS DE MAIORES

- A campaña iniciarase mañá martes, día 16, en todas as áreas sanitarias
- A medida pretende facilitar a vacinación das persoas residentes, un colectivo especialmente vulnerable debido á idade avanzada e á elevada prevalencia de enfermidades crónicas e á convivencia en institucións pechadas
- Ofreceráse a vacina antipneumocócica conxugada 20 valente a persoas non vacinadas previamente
- Así mesmo, ofreceráse a vacina fronte ao herpes zóster ás persoas que cumpriron 65 ou 80 anos desde a introdución da vacina no calendario de inmunización para toda a vida en 2023
- A vacina antipneumocócica adminístrase mediante unha dose única intramuscular e a do herpes zóster mediante dúas doses

A Xunta pon en marcha, desde mañá martes, nas sete áreas sanitarias, unha campaña específica para reforzar a vacinación fronte ao pneumococo e ao herpes zóster nas residencias de maiores de Galicia. Para a realización da campaña estableceuse un cronograma de actuación por centros sociosanitarios.

O Executivo galego abordou na súa reunión semanal un informe sobre esta iniciativa impulsada pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, en coordinación co Servizo Galego de Saúde e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Consellería de Política Social e Igualdade.

A campaña pretende facilitar a vacinación das persoas residentes, un colectivo especialmente vulnerable debido á idade avanzada e á elevada prevalencia de enfermidades crónicas e á convivencia en institucións pechadas. O obxectivo é contribuír á prevención de enfermidades inmunoprevenibles, á redución das hospitalizacións e complicacións asociadas e á diminución da morbimortalidade neste grupo de poboación.

A campaña desenvolverase conforme as recomendacións vixentes do Programa galego de vacinación, garantindo a equidade e a accesibilidade ás vacinas financiadas, mediante a súa administración no propio centro residencial e reducindo as barreiras de acceso.

Ofreceráse a vacina antipneumocócica conxugada 20 valente (VNC20) a persoas non vacinadas previamente, co fin reducir a incidencia de enfermidades leves do tracto respiratorio superior ata formas graves como pneumonía, meninxite ou sepsé.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, ofrecerase a vacina fronte ao herpes zóster ás persoas que cumpriron 65 ou 80 anos desde a introdución da vacina no calendario de inmunización para toda a vida en 2023, para reducir a carga de enfermidade e as súas secuelas.

O virus varicela zóster é unha enfermidade de baixa mortalidade pero moi prevalente, especialmente a partir dos 50 anos. Os seus síntomas máis comúns son a aparición de vesículas na zona do nervio afectado e dor, ademais de neurite aguda dolorosa que adoita preceder á erupción vesiculosa.

Coordinación entre niveis

A vacina antipneumocócica adminístrase mediante unha dose única intramuscular e a do herpes zóster mediante dúas doses. O intervalo da segunda dose da vacina do herpes zóster varía en función do estado de saúde e do sistema inmunolóxico da persoa.

Na campaña fortalecerase a coordinación entre atención primaria, saúde pública e os centros sociosanitarios, favorecendo a identificación das persoas candidatas, a planificación das intervencións e o rexistro das doses administradas.

Achegar as actuacións preventivas ao ámbito residencial promove unha atención máis proactiva e centrada na protección da saúde das persoas maiores institucionalizadas.

Cómpre lembrar que, o pasado mes de abril, a Xunta autorizou a contratación da subministración de 130.000 doses da vacina fronte ao herpes zóster por un importe de 16.257.800 euros e un período de 12 meses. Así mesmo, tamén no pasado mes de abril, a Xunta autorizou a subministración sucesiva, por importe de 5.392.816 euros, da vacina 20 valente fronte ao pneumococo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROGRAMA ESTE VERÁN MÁIS DE 3.600 ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANTESALA DO XACOBEO 2027

- O Consello avalía o informe coas accións da segunda edición da campaña 'Para gustos, cultura' que se desenvolverán de xuño a setembro en 200 concellos
- Trátase dunha oferta plural, diversa e descentralizada que aumenta con respecto ao 2025 en liña coa promoción do sector cultural galego ás portas do Ano Santo
- A programación está impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude con proxectos propios e en colaboración con outras áreas do Goberno autonómico, así como coas administracións locais e con entidades privadas
- A axenda abrangue un milleiro de funcións con circuítos de teatro, danza, música, maxia, circo ou produción audiovisual e máis de 1.300 propostas de dinamización entre centros museísticos, bibliotecas e outros espazos
- Destacan as máis de 600 opcións vencelladas a festivais de distintas tipoloxías, os 300 espectáculos de 'Cultura no Camiño' ou as 400 iniciativas das feiras do libro
- Os grandes concertos, as festas de interese turístico, o calendario do Gaiás ou os ciclos relacionados co fomento da lingua son outros dos puntos que cómpre salientar

A Xunta de Galicia programa este verán máis de 3.600 actividades culturais que se estenderán por 200 concellos na segunda edición da campaña *Para gustos, cultura*, que aumenta a súa oferta dando conta do bo momento que vive o sector galego neste eido e do seu impulso de cara a celebración do vindeiro Xacobeo 2027. Así se informou hoxe no Consello, onde se avaliou o conxunto de propostas que se desenvolverán por todo o territorio entre xuño e setembro.

Trátase dunha programación impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que abrangue tanto proxectos propios como outras propostas que son froito do traballo transversal cos distintos departamentos do Goberno galego e en colaboración con outras administracións públicas e entidades privadas. Neste sentido, consolídase a evolución dunha axenda que o ano pasado lles deu continuidade ás campañas estivais anteriores, desenvolvidas en 2023 e en 2024 baixo o nome de *CulturOn*, cando se levaron a cabo 2.500 e 2.700 accións, respectivamente, e pola que se apostou en 2025 cun salto cualitativo e cuantitativo, acadando as 3.400 iniciativas.

Con esta nova campaña, o Executivo autonómico encara o vindeiro Ano Santo dando mostra do seu compromiso cun sector, o cultural, estratéxico para a Comunidade, asumindo un papel proactivo na xeración de contidos e poñendo en valor así multitude de expresións artísticas que abranguen desde as grandes citas a outras de pequeno formato. Faino cunha oferta diversa, plural, descentralizada e destinada a todos os intereses e todos os públicos en liña coa Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, ponse o foco na cativada e a mocidade, nas familias e na xente de maior idade, chegando a todo o territorio, con especial sensibilidade no rural.

Cómpre destacar que nos vindeiros días se vai pór en marcha en medios de comunicación e redes sociais a campaña para informar detalladamente da oferta e chegar á maior cantidade de poboación posible, incorporando recomendacións diarias e resumos semanais. Ademais, a programación pode consultarse na [Axenda de Cultura de Galicia](#).

Circuíntos consolidados

Ao abeiro de *Para gustos, cultura*, neste 2026 organízase un milleiro de actividades que teñen que ver coas artes escénicas, a música ou a produción audiovisual, con distintos circuítos que van desde o teatro e a danza, á maxia ou ao circo, con especial fincapé nos espectáculos de rúa.

Neste sentido, cómpre salientar o programa *Cultura no Camiño*, que percorre os concellos das rutas xacobeas con multitude de funcións, superando as 300, para todo tipo de público, con especial atención ao familiar. Tamén outro recoñecido ciclo, *Danza 3*, ten programadas 14 citas para os próximos meses, que se unen á programación musical en salas e ás funcións na Rede de teatros e auditorios de Galicia.

Os meses de verán supoñen tamén unha boa oportunidade para achegarse a proxectos escénicos de calidade, un eido en que cobra especial protagonismo o Centro Dramático Galego, a unidade teatral da Xunta, que pon sobre as táboas 37 actuacións coa coprodución *Ñiquiñaque* como protagonista. Mentres, no que ten que ver co audiovisual, desenvolverase un ciclo de proxección de curtametraxes en galego.

Máis de 600 accións en festivais

A música, en todos os seus estilos, xéneros e formatos, é unha das disciplinas principais da oferta de verán da Xunta, cun calendario que vai desde a música tradicional galega e a aposta polo talento emerxente da Comunidade e artistas máis consolidados, ata artistas internacionais.

Así, o público poderá gozar dos concertos de Milladoiro, Luar na Lubre, Emilio Rúa ou Uxía, ou dunha nova edición de *Atardecer no Gaiás*, con 15 concertos nos exteriores da Cidade da Cultura. A esta programación únense os grandes festivais que se celebran baixo a marca Concertos do Xacobeo, con carteis que nos achegan centos de actuacións galegas, nacionais e internacionais, do mesmo xeito que as 88 festas de interese turístico que se celebran en Galicia este verán e que atraerán numerosas citas musicais xunto con outras propostas culturais.

Ademais das citas musicais, a campaña acolle unha ampla tipoloxía de festivais que teñen que ver co teatro, a literatura, o audiovisual ou a narración oral, entre outras modalidades, artellándose deste xeito entre toda a oferta máis de 600 iniciativas ao seu

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

redor. Un exemplo destas propostas é o Festival Atlántica de narrativa, os literarios como o Festivalle ou a Festa da Palabra na Insua dos Poetas, o FIC Bueu de cinema, ou os de artes escénicas como a Mostra de Teatro de Ribadavia ou o Festival Agustín Magán de Teatro Afeccionado.

Dinamización en centros museísticos e bibliotecas

Entre as máis de 1.300 actividades de dinamización cultural que se impulsan e apoian desde a Dirección Xeral de Cultura en moi diversos espazos de todo o territorio, destacan as 500 accións desenvolvidas a través dos museos, arquivos e bibliotecas que xestiona directamente a Xunta.

Así, nestes equipamentos, ademais de obradoiros e un amplo programa de visitas guiadas, poderan visitar durante a época estival preto de 30 exposicións entre as cales destacan *Voces do Pacífico. Innovación e tradición*, na Cidade da Cultura, cunha escolma de máis de 200 obxectos da colección do British Museum; *Illa Ignorada*, no Centro Galego de Arte Contemporánea, ou *Habana Mater. 2003-2023. Luis Gabú*, no Museo de Belas Artes da Coruña.

Pola súa banda, ao abeiro dos centros da Rede de bibliotecas públicas ofrécense numerosas propostas de lecer, campamentos e accións de animación á lectura, entre as cales destaca o programa *Ler conta moito*, co obxectivo de fomentar o hábito lector entre a cidadanía. Ademais, *A Furgoteca*, o servizo de bibliotecas móbiles, achega estas actividades a 30 municipios das provincias de Lugo e Ourense a través das súas tres rutas.

Lingua, lectura e apoio á creación artística

Ademais, unha das claves da tempada de verán é favorecer a presenza do galego con iniciativas como *Falaredes*, que porá en marcha ao redor de 30 propostas entre monólogos e pezas teatrais. A isto súmanse os relatorios *Toponímizate*, que falarán sobre os nomes dos lugares de Galicia.

Ademais, a programación complétase con máis de 400 propostas nas oito feiras do libro que se celebran durante o verán e coas residencias artísticas, nas cales as persoas participantes poden desenvolver e compartir os seus coñecementos. É o caso das residencias literarias de San Simón e as da Cidade da Cultura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTARÁ CUNHA NOVA SEDE DA DELEGACIÓN EN BOS AIRES PARA REFORZAR OS LAZOS COA COLECTIVIDADE E PROXECTAR AS OPORTUNIDADES DA GALICIA ACTUAL

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a adquisición do inmovible, unha actuación estratéxica que permitirá reforzar a atención á colectividade galega e intensificar a promoción económica, cultural e turística de Galicia
- O novo espazo, situado nunha das principais arterias da capital arxentina, conta con 730 m² distribuídos en tres alturas e foi adquirido por un importe equivalente aos 1,2 M€; está previsto que as obras de acondicionamento rematen a finais de ano
- Entre outras novidades, integrará unha oficina de retorno e atracción de talento, ao abeiro dos obxectivos da Estratexia Galicia Retorna, para reforzar o acompañamento ás galegas e aos galegos do exterior interesados en regresar á Comunidade
- Tamén incorporará unha oficina do Instituto Galego de Promoción Económica para reforzar o apoio ás empresas galegas e actuará como punto de promoción de Galicia como destino internacional, co foco no Camiño de Santiago e no Xacobeo 2027
- A actuación enmárcase no compromiso da Xunta coa colectividade galega no exterior, especialmente na Arxentina, onde Bos Aires é considerada tradicionalmente a quinta provincia galega pola súa estreita vinculación histórica e social con Galicia

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a adquisición do inmovible que albergará a nova sede da delegación da Xunta en Bos Aires, que substituirá a actual oficina situada en Bartolomé Mitre. Trátase dun proxecto estratéxico con que o Goberno galego busca reforzar a súa presenza institucional na Arxentina e seguir estreitando os vínculos cos preto de 200.000 galegos e galegas residentes no país, a colectividade galega máis numerosa do exterior. A nova sede permitirá, ademais, fortalecer a atención á cidadanía galega, potenciar as políticas de retorno e captación de talento e intensificar a promoción económica, cultural e turística da Comunidade nun dos principais escenarios da diáspora.

O inmovible, situado na avenida Belgrano 990, esquina con Bernardo de Irigoyen –nunha das principais arterias da capital arxentina e plenamente comunicado– foi adquirido por un importe de 1,4 millóns de dólares (equivalente a arredor de 1,2 millóns de euros). As instalacións atópanse en perfecto estado de conservación e contan cunha superficie de 730 m² distribuídos entre planta baixa, subsolo e primeiro piso; está previsto que o acondicionamento remate no último trimestre do ano.

A súa localización estratéxica permitirá ampliar de xeito significativo a capacidade de servizo á cidadanía e reforzar a visibilidade institucional de Galicia. O futuro espazo, ademais das funcións propias dunha oficina administrativa, disporá de salas polivalentes para a realización de conferencias, presentacións, exposicións, actividades culturais, encontros institucionais e reunións empresariais, e consolídase como un punto de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

encontro para a colectividade e como escaparate do potencial económico e cultural da Galicia actual.

Neste marco, integrarase unha oficina de retorno e atracción de talento, ao abeiro da Estratexia Galicia Retorna, así como unha oficina de promoción económica a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) reforzando a internacionalización das empresas galegas e o apoio ás que xa están asentadas no país. Así mesmo, reforzarase a promoción de Galicia como destino turístico internacional, con especial atención á difusión do Camiño de Santiago e do Xacobeo 2027.

A actuación enmárcase no compromiso da Xunta coa comunidade galega do exterior, con especial atención á Arxentina, país cunha relación histórica e social estreita con Galicia a través da emigración e onde a cidade de Bos Aires é considerada tradicionalmente a “quinta provincia galega” pola súa ampla comunidade emigrante. A nova infraestrutura suporá, ademais, unha mellora na capacidade operativa da estrutura autonómica no exterior, ao reforzar os recursos destinados á atención á cidadanía e o desenvolvemento das políticas autonómicas fóra de Galicia.

Estratexia Galicia Retorna

Neste contexto de reforzo dos vínculos coa diáspora, a Xunta continúa avanzando no desenvolvemento da Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, dotada con 450 M€ e integrada por máis dun cento de medidas orientadas a facilitar o regreso e a integración social e laboral das galegas e dos galegos do exterior. Trátase dun instrumento clave para ofrecer novas oportunidades a quen desexe volver e contribuír ao fortalecemento demográfico, económico e social de Galicia.

Entre as actuacións impulsadas ao abeiro desta planificación figuran as recentes feiras de emprego realizadas en São Paulo e Salvador de Bahía —tras as organizadas en 2025 na Arxentina e no Uruguai—, que contribúen a reforzar o modelo propio de atracción de talento impulsado pola Xunta de Galicia, baseado nunha migración ordenada, segura e vinculada ás necesidades reais das empresas galegas. Nelas déronse a coñecer, entre outras ferramentas, as posibilidades do programa Retorna Cualifica Emprego, cunha nova edición en marcha dotada con 2,3 M€, ademais de actividades, charlas e obradoiros prácticos impartidos por persoal de distintos departamentos da Xunta. Cómpre salientar que, desde o inicio da primeira Estratexia Galicia Retorna en 2018 e ata 2024, xa regresaron a Galicia preto de 50.000 galegos e galegas, o que consolida o retorno como un fenómeno estrutural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABOARÁ ESTA MESMA SEMANA 23,5 M€ CORRESPONDENTES ÁS AXUDAS AGROAMBIENTAIS DA PAC A PRETO DE 6.000 AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS

- Con esta transferencia remátanse os pagamentos realizados no marco da solicitude única da campaña da PAC 2025, que ascenden ata case os 211 millóns de euros, e chegarán a uns 22.000 beneficiarios
- As axudas agroambientais son aquelas que se lles conceden ás persoas que asumen compromisos voluntarios orientados á mellora ambiental e á sustentabilidade das explotacións
- As axudas da PAC supoñen unha parte substancial dos orzamentos da Unión Europea en consonancia coa súa grande importancia, xa que son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural
- En relación coa futura PAC a partir de 2028, a Xunta amosou desde o primeiro momento o seu rexeitamento á proposta da Comisión Europea, xa que supón un recorte de fondos para os vindeiros anos, ademais de reclamar unha redución da burocracia e a xestión rexional destes fondos

A Consellería do Medio Rural aboará esta mesma semana un total de 23,5 millóns de euros correspondentes ás axudas agroambientais, que beneficiarán preto de 6.000 agricultores e gandeiros galegos. Tal e como se recolle no informe elevado hoxe ante o Consello da Xunta, con este último pagamento o total aboado no marco da solicitude única da Política Agraria Común na campaña 2025 acadará case os 211 millóns de euros e chegarán a uns 22.000 beneficiarios. Este orzamento inclúe os preto de 172,8 millóns de euros en concepto de axudas directas, ás cales cómpre engadir os case 25 millóns de euros correspondentes ás zonas con limitacións naturais, que xa foron aboados en decembro do ano pasado.

Estes pagamentos comezaron a materializarse no mes de outubro de 2025, coa transferencia do anticipo das axudas directas. Deste xeito, a través destes fondos contribúese ao mantemento dunha actividade agraria sustentable, ao reforzo da renda das explotacións e ao equilibrio territorial do medio rural galego.

As axudas agroambientais son aquelas que se lles conceden ás persoas que asumen compromisos voluntarios orientados á mellora ambiental e á sustentabilidade das explotacións. Neste sentido, inclúen actuacións vencelladas a compromisos agroambientais, ecolóxicos e de conservación. O fin último desta achegas é promover o desenvolvemento sustentable, fomentar a xestión eficiente dos recursos naturais - especialmente da auga, do solo e do aire-, protexer a biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar hábitats e paisaxes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Importancia das achegas da PAC

As achegas da PAC supoñen unha parte substancial dos orzamentos da Unión Europea en consonancia coa súa grande importancia, xa que son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural.

En relación coa futura PAC a partir de 2028, a Xunta amosou desde o primeiro momento o seu rexeitamento á proposta da Comisión Europea, xa que supón un recorte de fondos para os vindeiros anos de máis dun 22 % e porque non blindo a actual arquitectura, con dous piares diferenciados (axudas directas e desenvolvemento rural), que ten demostrado o seu éxito. Tamén se pide unha redución da burocracia e a xestión rexional destes fondos.

Mecanismo de boa execución

Cómpre lembrar tamén que Galicia vén de recibir 1.409.509 euros adicionais pola súa boa execución dos fondos procedentes do Plan estratéxico da política agraria común, procedentes da Unión Europea. Este investimento deriva da regra N+2 establecida pola Comisión Europea, segundo a cal os importes comprometidos nun exercicio orzamentario deben executarse antes do 31 de decembro do segundo ano seguinte.

Polo tanto, con data do 31 de decembro de 2025, e debido á boa execución dos organismos pagadores que executaron por riba do 100 % da súa anualidade, existe unha sobreexecución estatal de case 163 millóns de euros, que permitiron evitar o descompromiso para España duns 32 millóns daqueles organismos pagadores cuxa execución estivo por debaixo do 100 %.

Pero ao mesmo tempo, cómpre distribuír entre as comunidades autónomas que executaron por riba do 100 % os fondos non executados, que ascenden a 17,8 millóns de euros. Así, a Galicia correspóndenlle preto de 1,5 millóns de euros, con base no seu nivel de sobreexecución do 17,61 %. Polo tanto, a nosa é a sexta comunidade autónoma que máis recibe, dentro das 14 perceptoras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA O ORZAMENTO E INCORPORA NOVOS PREMIOS PARA RECOÑECER OS PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

- Así se recolle no informe do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno autonómico, e no cal se inclúe como principal novidade a incorporación dun terceiro premio cunha dotación de 1.000 euros en cada unha das seis categorías existentes
- Trátase duns galardóns con moita importancia para a nosa comunidade, xa que con eles se recoñecen e difunden iniciativas que contribúen a promover o medio rural e a construír unha sociedade rural máis dinámica e con maior cohesión
- Hai un total de seis categorías diferentes: Mocidade; Proxectos de interese social; Sector agrogandeiro; Mulleres; Innovación tecnolóxica; Recuperación e posta en valor da terra agraria

O Consello da Xunta tomou razón hoxe dun informe en que se dá conta da convocatoria da XVII edición dos premios ao desenvolvemento rural de Galicia. Trátase duns galardóns con moita importancia para a nosa comunidade, xa que con eles se recoñecen e difunden iniciativas que contribúen a promover o medio rural e a construír unha sociedade rural máis dinámica e con maior cohesión.

Esta edición contará cun primeiro premio, dotado con 10.000 euros; dun segundo, de 3.000 euros e, como principal novidade, cun terceiro premio cunha dotación de 1.000 euros para cada unha das seis categorías. A primeira é Mocidade, para iniciativas de persoas mozas, ou dirixidas a elas, que apostan polo futuro do rural galego. Séguelle a de Proxectos de interese social, que promoven a integración de colectivos vulnerables ou coidado de maiores e dependentes; e a de Sector agrogandeiro, que valora propostas nos ámbitos agrícola, gandeiro ou agroalimentario cun enfoque innovador.

As outras tres categorías son Mulleres, destinada a iniciativas lideradas por ou dirixidas a mulleres no rural que promovan a igualdade e o emprendemento; Innovación tecnolóxica, para proxectos que incorporen tecnoloxía en procesos ou servizos, e Recuperación e posta en valor da terra agraria, centrada na recuperación de terras infrautilizadas. Os criterios de valoración inclúen o impacto socioeconómico no territorio, a creación de emprego, a sustentabilidade ambiental, a inserción laboral da muller e de colectivos desfavorecidos, o apoio social, a innovación, a orixinalidade e o feito de desenvolverse nun concello en risco de despoboamento, entre outros.

Poderán presentar iniciativas aos premios ao desenvolvemento rural de Galicia as persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan titulares das iniciativas que presenten. Os premios concederanse tendo en conta diversos criterios de valoración, como a contribución da iniciativa ao desenvolvemento socioeconómico do territorio ou á xeración de emprego, á inserción laboral da muller ou ao desenvolvemento da iniciativa en risco de despoboamento, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REALIZOU XA ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS EN 2.600 PARCELAS DE 70 PARROQUIAS PRIORIZADAS DE TODA GALICIA

- Esta é unha das posibilidades que ofrece o convenio entre a Consellería do Medio Rural e Seaga, se ben que os labores deben ser solicitados polos propietarios dos predios, que teñen a posibilidade de contratar directamente coa empresa pública estas actuacións a un prezo moi competitivo
- A limpeza destas franxas correspóndelles aos particulares e, en caso de incumprimento, son os concellos os que deben executala de maneira subsidiaria, tal e como establece a Lei de incendios
- Ata o de agora, un total de 299 concellos solicitaron a súa adhesión ao convenio que facilita estes traballos, dos cales 275 teñen o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado
- Cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural estableceu como prazo idóneo para a adhesión o 21 de marzo, e o 31 dese mesmo mes para que os concellos enviasen a planificación e solicitasen actuacións ao abeiro do convenio, pero tan só o 30% o fixeron daquela
- Actualmente, só o 50 % dos municipios solicitaron os servizos de Seaga para levar a cabo actuacións preventivas nos seus territorios, maioritariamente para realizar traballos en vías de titularidade municipal, que non son faixas secundarias

A Xunta, a través do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a empresa pública Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias, realizou xa actuacións preventivas en algo máis de 2.600 referencias catastrais (parcelas) de 70 parroquias priorizadas de toda Galicia. Esta é unha das posibilidades que ofrece o convenio, ben que é importante ter en conta que estes labores deben ser solicitados polos propietarios dos predios, que poden contratar con Seaga directamente para levar a cabo estas actuacións a un prezo moi competitivo, de 420 euros por hectárea.

A maiores, actuouse en preto de 200 quilómetros de vías municipais. Así figura no informe elevado hoxe ante o Consello do Goberno autonómico, no cal se recollen os avances realizados este ano no marco deste convenio.

Cabe sinalar que as comprobacións correspondentes a este 2026 acaban de comezar, tendo en conta que os titulares dos predios en faixas tiveron ata o 31 de maio para levar a cabo a limpeza dos seus predios. Polo tanto, é a partir desta data cando Seaga pode colaborar na inspección e posterior execución subsidiaria, de ser o caso, sempre que os concellos o soliciten dentro das facilidades que se ofrecen neste convenio.

Ata o de agora, un total de 299 concellos solicitaron a súa adhesión ao convenio, dos cales 275 teñen xa o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais aprobado. Os municipios que actualmente non solicitaron a súa adhesión son Narón, Oleiros e Sada, na provincia da Coruña; Abadín, Castroverde, Cervantes, Meira e Muras,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en Lugo; Ramirás e Viana do Bolo, en Ourense; e A Illa de Arousa, Vigo, Vila de Cruces e Rodeiro, na provincia de Pontevedra.

Así, cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural estableceu como prazo idóneo para a adhesión o 21 de marzo, data en que a maior parte dos concellos actualmente adheridos (case o 94 %) xa manifestaran a súa vontade de formar parte desta iniciativa. Pero a maiores disto, fixouse ata o 31 de marzo para que os concellos enviasen a planificación e solicitasen actuacións ao abeiro do convenio, pero só o 30% cumpriron este prazo daquela.

Na actualidade, tan só o 50 % dos concellos (152 exactamente) pediron a realización destes traballos, maioritariamente para acometer actuacións en vías de titularidade municipal (o 56 %), que non son faixas secundarias, e tamén para a realización de execucións subsidiarias (o 26%), para inspeccións (27 %) e seis municipios solicitaron exemplares de árbores compatibles coas faixas secundarias.

Apoios no marco do convenio

Cómpre lembrar que a través do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a empresa pública Seaga se procura apoiar os propietarios e concellos no cumprimento das súas obrigas en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais nas faixas secundarias, os 50 metros que rodean os núcleos de poboación. A xestión destas franxas correspóndelles aos particulares e, en caso de incumprimento, son os concellos os que deben executala de maneira subsidiaria, tal e como establece a Lei de incendios. O actual acordo, asinado a finais de 2025 e con vixencia ata 2029, conta cun orzamento anual de 25 millóns de euros, o dobre que o anterior.

Ademais de contar cunha maior dotación económica, o actual convenio inclúe importantes novidades, como é o reforzo do apoio que se lles presta aos concellos, en especial a aqueles de menos de 10.000 habitantes, así como aos particulares. Así, incrementouse o número de parroquias priorizadas, aquelas en que os propietarios poden contratar os servizos de Seaga a prezo de 420 euros por hectárea, que pasan de 157 a 276. De xeito complementario, ofrécense os servizos desta empresa pública para a realización de execucións subsidiarias en ata 10 hectáreas por concello e ano fóra desas parroquias, e a limpeza de 12 quilómetros de vías municipais; cuestións que os concellos deberán identificar e solicitar.

Seguindo esta liña de apoio, a través de Seaga os concellos adheridos terán á súa disposición axuda para a revisión ou modificación do Plan municipal de prevención, e tamén apoio para realizar as inspeccións e notificacións aos titulares dos predios, sempre e cando o soliciten.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA CONTRATOS PREDOUTORAIS CUN INVESTIMENTO DE 220.000 € PARA ESPERTAR VOCACIÓNS CIENTÍFICAS NO CIMA

- O Consello toma razón do informe para a apertura do proceso selectivo de dúas prazas de persoal investigador en formación no Centro de Investigacións Mariñas de Galicia
- É a primeira vez que a Consellería do Mar utiliza esta modalidade contractual de catro anos de duración
- A iniciativa ofrece proxección internacional con estadías no estranxeiro e un período de orientación posdoutoral de ata doce meses tras obter o título

O Consello da Xunta tomou razón do informe sobre a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar que dita a apertura do proceso selectivo para a contratación de dúas persoas investigadoras predoutorais en formación, co fin de espertar novas vocacións científicas no Centro de Investigacións Mariñas de Galicia (Cima). Esta convocatoria de longa duración conta cun orzamento de 219.790,80 euros e unha vixencia de 48 meses ata o ano 2030.

Esta medida constitúe unha acción finalista inserida no programa Persoas e Talento da Estratexia de especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 e no Plan galego de investigación e Innovación 2025-2027. O plan busca darlle resposta ao modelo de xestión de recursos naturais baseado na innovación, coa sustentabilidade como prioridade para asegurar e fortalecer as capacidades do persoal científico galego.

As persoas seleccionadas integraranse no Cima en Corón (Vilanova de Arousa), organismo público de referencia no eido do coñecemento do medio mariño e os seus recursos naturais. Esta convocatoria sitúa o talento como activo principal e facilítalles o inicio da carreira investigadora nas etapas iniciais de formación, consonte a Carta europea do investigador.

Os dous contratos formalizaranse ao abeiro da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e do Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación, cunha duración máxima de catro anos. Entre as súas características técnicas prevese a posibilidade de desenvolver un período de orientación posdoutoral de ata 12 meses dentro da duración do contrato, unha vez obtido o título de doutor ou doutora, para potenciar a especialización profesional. Así mesmo, facilitarase a realización de estadías de tres meses no estranxeiro para promover a obtención da mención de Doutoramento internacional.

O proceso de selección rexeráse polos principios de concorrencia e mérito conforme o decreto de ordenación do persoal de investigación de carácter laboral da Xunta, avaliando a traxectoria académica e a adecuación ás áreas de acuicultura ou recursos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mariños vivos do Cima. O procedemento incorpora medidas transversais específicas para garantir a equidade real e corrixir fendas de xénero en toda a avaliación.

Modelo de éxito

O programa recolle o testemuño das axudas similares para titulados superiores que funcionaron entre os anos 2000 e 2018, un período en que 26 persoas –das cales 18 foron mulleres– resultaron beneficiarias de bolsas para realizar a súa tese de doutoramento.

O éxito do dito modelo histórico constátase en que catro daquelas persoas forman parte hoxe en día do cadro de persoal do Cima, asumindo a remuda de persoal científico que deixou a actividade. Outras persoas beneficiarias destes programas integran actualmente equipos de investigación nas universidades galegas, no CSIC, no Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar) e no IEO. Con esta nova acción, a Xunta esperta novas vocacións e garante a continuidade da investigación mariña, asegurando que as decisións sobre a pesca e o marisqueo estean apoiadas sempre nos datos científicos máis rigorosos para protexer o sustento das familias mariñeiras.